



PASCUA DE PADRÓN 2019



Concello
de Padrón





DATOS DEL GRUPO



9 CENTROS
DE PRODUCCIÓN



3086
TRABAJADORES



PRESENCIA EN
60 PAÍSES



31 CENTROS DE
DISTRIBUCIÓN
Y LOGÍSTICA



81.178
TONELADAS VENDIDAS



Joyería
Jorge Cortiñas



Rúa Longa, 43 - Tlf./Fax: 981 81 19 04
15900 PADRÓN (A Coruña)
joyeria@jcortinas.e.telefonica.net

SAÚDO DO ALCALDE

Estimados padroneses e visitantes:

Coa entrada da primavera hai apenas unhas semanas, a chegada da nosa Pascua volve marcar o ritmo social, cultural, relixioso, deportivo, lúdico e ata económico de boa parte do Concello de Padrón. Nesta edición, na que agardamos que a meteoroloxía acompañe algo máis que o ano pasado, programamos máis de 60 actividades ata o día 28 de abril, domingo de Pascuilla, tentando atender ás peticións e desexos de tódolos públicos.

Precisamente, o cartel da Pascua deste ano sintetiza á perfección os principais ingredientes desta gran romaría: o compoñente relixioso da Semana Santa Padroneses, a feira cabalar e os concursos morfolóxicos para os afeccionados ao mundo equino, as competicións deportivas de diferentes disciplinas, as actuacións musicais, as actividades culturais, as atraccións infantís e a gastronomía típica que aportan os postos dos polbeiros, entre outros atractivos. En definitiva, queremos que a Pascua sexa unha festa para todos.

Como alcalde, comprácame poder confirmar neste saúdo que esta principal celebración dos padroneses, a nosa festa maior, agardamos convertela moi pronto na Pascua de toda Galicia, ou o que é o mesmo, na Pascua de referencia para tódolos galegos. De feito, nos últimos meses completamos cun acordo plenario unánime de tódolos grupos políticos o expediente de solicitude da declaración como Festa de Interese Turístico de Galicia e confiamos en que a comisión avaliadora recoñeza os méritos que acredita unha celebración centenaria, cuxas orixes se remontan alomenos a comezos do século XVII.

A consecución dese recoñecemento suporía non só unha maior difusión do mesmo e unha oportunidade para seguir atraendo visitantes de toda a comunidade, senón tamén unha maior implicación económica da Xunta de Galicia, o que nos permitiría ser aínda máis ambiciosos na programación de novas actividades.

Por último, en calidade de alcalde, pero sobre todo como un padronés máis, quero testemuñar desde aquí o meu agradecemento a tódolos autores que colaboraron desinteresadamente na edición deste libro, porque o tempo que dedicaron ao labor de investigación e recompilación serve para refrescarnos a memoria e ilustrarnos sobre a gran riqueza histórica e cultural que agocha o noso pobo.

Tan só me queda desexarvos a todos, padroneses e visitantes, que gocedes ao máximo destas festas na compañía dos vosos familiares e amigos; os primeiros, exercendo como bos anfitrións e os segundos, aproveitando para constatar que a Pascua é tan só unha oportunidade máis para descubrir un Padrón que ten moito máis que ensinar. Por iso, despois da Pascua, paga a pena voltar de novo durante o resto do ano.

Antonio Fernández Angueira
Alcalde de Padrón





almacenes eladio

elaplast sar, s.l.

agrideco, s.l.

Deséxanlles
boas festas

DROGARÍA BRICOLAXE LIMPEZA
PERFUMARÍA SEMENTES DECORACIÓN
HORTICULTURA PAPELARÍA MENAXE

PADRÓN. Rúa de Castelao 27-29 Tlf: 981 810 959 Fax: 981 811 967

PADRÓN. Comercial agrícola. Rúa de Castelao 25. Tlf: 981 810 959

SANTIAGO. Av. San Lázaro 75. Tlf: 981 581 515 Fax: 981 554 767

CALDAS DE REIS. Rúa Real 75. Tlf:/Fax: 886 215 398

comercial@almaceneseladio.com

Organización da PASCUA 2019

Presidente de Honra

Antonio Fernández Angueira

Organización e coordinación:

Concelleira de Cultura

Lorena Couso Dopazo

Concelleiro de Festexos

Ángel Rodríguez Conde

Concelleiro de Deportes

Andrés Sanmarco Santos

Concelleiro de Obras

José Ramón Pardo Andrade

Concelleiro de Servizos

Francisco Javier Guillán Iglesias

Deseño e maquetación: wecom

Edita: Concello de Padrón

Imprime: Gráficas Lasa

ÍNDICE DE CONTIDOS

- 9 **Limiar**
Lorena Couso
- 11 **Programa de actividades**
Pascua 2019
- 25 **Programa da Semana Santa**
padronesa 2019
- 29 **Persoas, empresas e asociacións homenaxeadas**
pola Irmandade dos Fillos e Amigos de Padrón
- 31 **Vinte anos de Turismo de Padrón**
Alberto Rey Castro
- 36 **Galería de personaxes nados en Padrón**
Juan Ramón Baliñas Bueno
- 47 **As Nacións Celtas: unidas polas súas raíces**
culturais e o Atlántico
Juan Ramón Baliñas Bueno
- 59 **Un manuscrito do século XIX**
Ángel Rey Castro
- 65 **Oliveira**
Fernando Castaño
- 70 **Eran outros tempos no Sar**
José Castro
- 76 **Banda Municipal de Padrón**
Eduardo Rivo
- 80 **As monteas inéditas da capela de**
Alonso de la Peña Rivas y Montenegro, Bispo de Quito
Xosé C. Beiró Piñeiro
- 85 **Manuel Barros: poeta de Padrón, poeta en galego**
Anxo Angueira
- 92 **Os Cabaliños da nosa vida**
Gonzalo Manuel Castaño Solar
- 98 **Reconstrución do Consistorio padronés en 1795**
Eloy Rodríguez Carbia
- 104 **Avelino Abuín de Tembra**
Justo Cortizo Sónora
- 110 **Un puñal da Idade do Bronce baixo as augas do Ulla**
Ángel Rey Castro
- 116 **Clásica de Pascua 2018. Dominio Cortizo**
Club Ciclista Padronés - Aluminios Cortizo
- 123 **A Andaina Bisbarra do Sar alcanza a XII Edición**
Arturo Manuel Reboyras Villaverde
- 127 **Historia das feiras do automóbil de ocasión de Pontecesures**
Antonio Ferro Trasande
- 148 **Imaxes históricas de Padrón**
Fotografías recompiladas por Ángel Rey Castro

O Concello de Padrón non é responsable do contido dos artigos, que corresponde unicamente aos/as autores/as

Andión, Sanmartín & Fernández Angueira

Avogados S.C.P.

DEREITO CIVIL

Herdanzas
Divorcios/Separacións
Reclamacións de cantidades
Arrendamentos
Desafiuamentos

DEREITO MERCANTIL

Contratos mercantís
Constitución de sociedades
Reclamacións bancarias
Reclamacións ao seguro
Renegociación de débedas

DEREITO LABORAL

Pensións
Contratación
Despidos
Indemnizacións
Siniestralidade laboral

DEREITO PENAL

Alcolemia
Accidentes de tráfico
Violencia de xénero



☎ 881 979 041

📍 Rúa Real nº 29, 1º D - Padrón

☎ 881 979 043

📍 Avda. Ponteareas nº 40, 3º B - A Estrada

LIMIAR

A simple existencia dun termo específico como “pascueiro” ou “pascueira” para definir a todas aquelas persoas que viven e gozan da Pascua de Padrón en toda a súa amplitude constata o arraigamento popular que esta celebración ten entre a xente da contorna e entre os visitantes foráneos que cada ano acoden puntualmente á celebración da capital do Sar.

Este parágrafo explicativo, recollido no expediente de solicitude de declaración da Pascua como Festa de Interese Turístico de Galicia, resume nunhas poucas liñas que a Pascua é para Padrón un sentir, algo máis ca unha festa común ou ca unha romaría tradicional. A celebración da Pascua está enraizada na cultura e na xenética do pobo de Padrón ata o punto de que o sentimento especial dos “pascueiros e pascueiras” transmítese de xeración en xeración, conseguindo desde hai séculos que os atractivos desta festa trascendan o ámbito local e sexa coñecida practicamente en toda Galicia.

Segundo apunta o historiador Xosé Carlos Beiró Piñeiro, *“a importancia da Pascua vén dada porque esta vila, desde a súa orixe, foi o referente dunha ampla bisbarra na que desempeñaba tanto o papel de centro receptor e distribuidor de mercadorías como o de ser o seu núcleo político e administrativo”*. Engade Beiró Piñeiro que *“esta circunstancia supuxo o desenvolvemento de toda unha serie de actividades comerciais que favoreceron a presenza de mercadores, feirantes, tratantes, negociantes, vendedores e provedores que ofertaban os seus produtos nas diversas feiras e mercados que se celebraban neste territorio”*.

Como concelleira de Cultura e Turismo, gústame pensar que ese protagonismo histórico de Padrón no eido comercial proxectouse ata os nosos días tamén nos ámbitos cultural e turístico. Así, xunto coa Pascua e os nosos pementos, a Casa-Museo de Rosalía de Castro, a Fundación Camilo José Cela e a condición de Padrón como Berce do Xacobeo conforman un repóker de atractivos que poucos concellos galegos están en disposición de ofrecer. Non é de extrañar, polo tanto, que as cifras de turistas aumentaran considerablemente nos últimos anos e que os lugares de procedencia dos visitantes comprendan desde Portugal ata Australia ou desde Italia ata Estados Unidos. Todos eles son sempre benvidos en Padrón, pero especialmente nestas datas festivas nas que a nosa vila ferve de actividade e loce esplendorosa, predisposta para a diversión e para amosarlle ao mundo que, durante a Pascua, non fai falla esforzarse moito para chegar a Padrón como turista ou visitante e marchar convertido nun “pascueiro” ou “pascueira” máis.

Deséxovos a todas e todos que pasedes unhas boas festas e que aproveitedes estes días para coller folgos ata o ano que vén, no que agardamos que a nosa Pascua sexa xa Festa de Interese Turístico de Galicia.

Lorena Couso Dopazo

Concelleira de Cultura e Turismo





Pirotecnia LÓPEZ, S.L.®

**FABRICACIÓN, VENDA E DISPARO DE TODA
CLASE DE FOGOS ARTIFICIAIS**

Lg. Guitiande, 43 - Os Ánxeles.
15280 BRIÓN (A Coruña)

Fábrica: Montecubelas-Viceso

Teléfonos: 981 887 278 - 630 916 281 • Fax: 981 509 979

info@pirotecnialopez.com

CORAUTO

NEUMÁTICOS - MECÁNICA - ELECTRICIDAD
RECAMBIOS - COMPRAVENTA

EXTRAMUNDI DE ABAIXO, 45 15910 PADRÓN
corautoneumaticos@gmail.com
981 817 314

BOXXES
BY MAXXIS®

Haz tu parada



Café - Bar



C/Alonso de la Peña nº1 bajo derecha
Telf. - 881 12 06 13

PROGRAMA DE ACTIVIDADES



PASCUA DE PADRÓN

Sábado 30 de marzo

10.30 h I Trofeo de Judo Infantil Pascua de Padrón (categorías desde prebenxamín ata infantil). Organizado polo Club de Judo Senín no Pavillón Escolar de Padrón.

Sábado 6 de abril

9.00 h XII Andaina Bisbarra do Sar nos concellos de Padrón e Rois. Proba oficial da Copa Galega de Andainas 2019 cun percorrido de 50 quilómetros, divido en tres aneis de 28´5, 10´5 e 11 quilómetros. Saída desde a Praza de Macías.

Mércores 10 de abril

10.00 h Inauguración da exposición dunha das maiores coleccións de bicicletas e triciclos de antano, con máis de 120 pezas, propiedade do coleccionista padronés Carlos Pérez Arca. Visitable no atrio do Convento do Carme ata o 28 de abril, en horario de 10.00 a 14.00 os días lectivos e de 16.00 a 19.00 horas os festivos.

Sábado 13 de abril

9.00 h XXXII Raid Cabalar Pascua 2019, organizado polo Club Hípico Acivro. Saída desde o Campo da Barca. Proba puntuable para o Campionato Galego de Xinetes de Raid 0* (80 quilómetros), P.40, P.60, CEP 80 (velocidade libre).

10.00 h Fase final intercomarcal de fútbol sala (deporte escolar) nas categorías benxamín, alevín e infantil. Nos pavillóns do Souto e do Grupo Escolar.

Inauguración no Hotel Scala do Campionato Galego de Xadrez 2019 (absoluto, feminino, veteráns, sub-16, sub-12, sub-10 e sub-8).

Domingo 14 de abril

10.00 h Campionato Galego de Xadrez 2019 (absoluto, feminino, veteráns, sub-16, sub-12, sub-10 e sub-8) no Hotel Scala.

Luns 15 de abril

10.00 h Campionato Galego de Xadrez 2019 (absoluto, feminino, veteráns, sub-16, sub-12, sub-10 e sub-8) no Hotel Scala.

Comezo do Campionato de Tenis Pascua 2019 (pavillóns do Souto e do Grupo Escolar). Organizado polo Club de Tenis Padrón .

16: 00 h VIII Torneo de fútbol base “Galipark” Concello de Padrón, no Campo de Fútbol Municipal do Doce (A Escravitude). Categoría benxamín.



Martes 16 de abril

10.00 h Campionato Galego de Xadrez 2019 (absoluto, feminino, veteráns, sub-16, sub-12, sub-10 e sub-8) no Hotel Scala.

Campionato de Tenis Pascua 2019 (pavillóns do Souto e do Grupo Escolar). Organizado polo Club de Tenis Padrón.

16.00 h VIII Torneo de fútbol base “Galipark” Concello de Padrón, no Campo de Fútbol Municipal do Doce (A Escravitude). Categoría alevín.

Mércores 17 de abril

10.00 h Campionato Galego de Xadrez 2019 (absoluto, feminino, veteráns, sub-16, sub-12, sub-10 e sub-8) no Hotel Scala.

Campionato de Tenis Pascua 2019 (pavillóns do Souto e do Grupo Escolar). Organizado polo Club de Tenis Padrón .

16.00 h VIII Torneo de fútbol base “Galipark” Concello de Padrón, no Campo de Fútbol Municipal do Doce (A Escravitude). Categoría prebenxamín.

16.30 h Xornada de portas abertas do Centro de Día Iglemen Padrón. Inclúe unha exhibición de actividades caninas de búsqueda e terapia a cargo de Euskogal. Prazas limitadas (prégase confirmación no teléfono 617081659).

Xoves Santo, 18 de abril

10.00 h Campionato Galego de Xadrez 2019 (absoluto, feminino, veteráns, sub-16, sub-12, sub-10 e sub-8) no Hotel Scala.

Campionato de Tenis Pascua 2019 (pavillóns do Souto e do Grupo Escolar). Organizado polo Club de Tenis Padrón .

Venres Santo, 19 de abril

10.00 h Clausura do Campionato Galego de Xadrez 2019 (absoluto, feminino, veteráns, sub-16, sub-12, sub-10 e sub-8) no Hotel Scala.

Campionato de Tenis Pascua 2019 (pavillóns do Souto e do Grupo Escolar). Organizado polo Club de Tenis Padrón.

21.30 h Gran Velada de Boxeo Trofeo de Pascua no pavillón a carón do Grupo Escolar, coa participación dos púxiles locais Cristian Teira e Álex Segade.

Sábado de Pascua, 20 de abril

10.00 h Gran salva de bombas de palenque anunciando as Festas da Pascua 2019, a cargo de Pirotecnia López.

Campionato de Tenis Pascua 2019 (pavillóns do Souto e do Grupo Escolar). Organizado polo Club de Tenis Padrón.

10.45 h XL Gran Carreira Popular. Saída desde a Praza de Macías.

13.00 h Sesión vermú. Animación polas rúas coa charanga O´Santiaguíño.

15.00 h III Campionato Pascua de Padrón de Agility no Campo de Fútbol do Souto (entrada gratuíta). Ás 15.30 horas, comezo da 6ª proba da Liga Autonómica de Agility.

18.00 h Inauguración da XLIX Feira-Exposición de Maquinaria Agrícola e Industrial (detrás do campo de fútbol, a carón da gardarúa municipal).

18.30 h Sesión solpor. Animación polas rúas coa charanga O´Santiaguíño.

19.30 h Sesión tardiña. Actuación da Orquestra Passarela no Paseo do Espolón.




21.00 h Pregón de inauguración das Festas da Pascua 2019 a cargo do humorista, actor e presentador Xosé Antonio Touriñán na Praza de Macías. Ao remate, concerto da Banda de Música Municipal de Padrón.

22.30 h Actuación do Grupo Unión y Fuerza na Praza de Macías.

24.00 h Gran espectáculo musical a cargo da Orquestra La Fórmula (na Praza de Fondo de Vila, cun primeiro pase ata ás 1.30 horas e cun segundo pase de 3.00 a 4.30 horas) e da Orquestra Passarela (no Paseo do Espolón, de 1.30 a 3.00 horas).

4.30 h Sesión fin de festa, coa actuación do Grupo Unión y Fuerza na Praza de Macías.



TAVIGOSA



SANTIAGO ☎ 981 581 400

tavigosa@tavigosa.com

PADRÓN ☎ 981 811 106

VEHÍCULOS NUEVOS Y DE OCASIÓN



Talleres
Recambios
Ventas

Rúa José Villar Granjel 9-13
Polígono Industrial Boisaca
15890 Santiago de Compostela

Domingo de Pascua, 21 de abril

9.00 h Inauguración da tradicional Feira Cabalar no Campo da Barca:

9.00 h: Inscricións nos concursos morfolóxicos.

9.30 h: Concurso morfolóxico de cruzados.

11.00 h: Concurso morfolóxico de Pura Raza Española.

12.15 h: Proba puntuable para a Copa Galicia de Pura Raza Galega.

13.00 h: Novo espectáculo de Santi Serra, "Tall Espectacle"
Parada para xantar.

15.15 h: Inscripción no concurso morfolóxico de Pura Raza Árabe.

15.30 h: Concurso morfolóxico de Pura Raza Árabe
Exhibición de doma de alta escola, ximnasia acrobática e monta antiga.

16.30 h: Exhibición de doma de alta escola, ximnasia acrobática e monta antiga.

17.00 h: Concurso de enganche (proba puntuable para o Campionato Galego de Enganche).

9.00 h XLIX Feira-Exposición de Maquinaria Agrícola e Industrial (detrás do campo de fútbol, a carón da gardarías municipal).

9.30 h 7ª proba da Liga Autonómica de Agility e Campionato Provincial de Agility no campo de fútbol do Souto (a cargo do Grupo de Traballo Canino Euskogal). Entrada de balde. Entrega de documentación ás 9.30 e comezo das probas ás 10.00 horas.

11.00 h Pasarrúas a cargo da Banda de Música Municipal de Padrón.




11.30 h Pasarrúas a cargo do grupo folclórico A.C. San Pedro de Carcacía, que acompañará aos xigantes e cabezudos polas rúas da vila.

13.30 h Concerto da Banda de Música Municipal de Padrón na Praza de Macías.

19.00 h "Radio Bulebule": espectáculo de música, baile e humor de Paco Nogueiras para o público infantil e familiar na Praza de Macías.

21.30 h Gran verbena amenizada polas orquestras D´Moda (pases no Paseo do Espolón de 21.30 a 23.00 e de 00.30 a 2.00 horas) e París de Noia (pases no Fondo de Vila de 23.00 a 00.30 e de 2.00 a 3.30 horas).



VIVE AS FESTAS DA PASCUA COS QUE MÁIS QUERES,
É A MELLOR FISIOTERAPIA



981 81 72 89 - 679 384 132

Rúa Iria Flavia, 131 Edificio Mahia I 15917 Padrón - A Coruña

www.carloseiras.com

Luns de Pascua, 22 de abril, Día de Santiago

- 12: 00 h** Pasarrúas a cargo da agrupación folclórica Rosalía de Castro, que acompañará aos xigantes e cabezudos polas rúas da vila.
- Pasarrúas a cargo da Banda de Música Municipal de Padrón.
- 13.00 h** Recepción á Excma. Corporación do Concello de Santiago na entrada da Rúa Real, acompañados polas bandas de música de Santiago e Padrón.
- 13.30 h** Concerto da Banda de Música Municipal de Santiago na Praza de Macías.
- 18.00 h** “Pakolas en Concerto” na Praza de Macías. Espectáculo infantil de música e baile.
- 20.00 h** Actuación do grupo folclórico Algueirada de Pontecesures na Praza de Macías.
- 21.30 h** Gran espectáculo musical a cargo das orquestras Tango (pases no Paseo do Espolón de 21.30 a 23.00 horas e de 00.30 a 2.00 horas) e Olympus (pases na Praza de Fondo de Vila de 23.00 a 00.30 e de 2.00 a 3.30 horas).



Martes de Pascua, 23 de abril, Día de Rianxo

- 12.00 h** Pasarrúas a cargo do grupo folclórico A.C. San Pedro de Carcacia, que acompañará aos xigantes e cabezudos polas rúas da vila.
- 17.45 h** Recepción da Ilma. Corporación do Concello de Rianxo fronte á estatua de Rosalía de Castro, no Paseo do Espolón, acompañados polas bandas de música municipais de Rianxo e Padrón.
- 19.00 h** Concerto da Banda de Música Municipal de Rianxo na Praza de Macías.
- 22.00 h** Actuación da Orquestra Marbella na Praza de Fondo de Vila.

Mércores, 24 de abril

- 10.00 h** Xornada de portas abertas nas actividades deportivas municipais para adultos. Máis información na Concellaría de Deportes.
- 17.00 h** VII Campionato de Chave Joyería Riveiro no Paseo do Espolón.
- 18.30 h** Xornada de portas abertas nas actividades deportivas municipais para adultos. Máis información na Concellaría de Deportes.



INDUVISA

REMOLQUES E INDUSTRIAS INDUVISA, S.L.U

Avda. Camilo José Cela 31 - Padrón (A Coruña)

Tel./Fax: 981 81 1300 Móvil: 639 38 80 70

induvisa@induvisa.com

www.induvisa.com




CAMPING-CAZA-TRANSPORTE DE ANIMALES-PORTAMOTOS-PORTACOHES-TRANSPORTE DE EMBARCACIONES
REMOLQUES INDUSTRIALES-REMOLQUES TÉRMICOS-REMOLQUES BASCULANTES

Xoves, 25 de abril

- 10.00 h** Xornada de portas abertas nas actividades deportivas municipais para adultos. Máis información na Concellaría de Deportes.
- 17.00 h** VII Campionato de Chave Joyería Riveiro no Paseo do Espolón.
- 18.30 h** Xornada de portas abertas nas actividades deportivas municipais para adultos. Máis información na Concellaría de Deportes.

Venres de Pascuilla, 26 de abril

- 10.00 h** VII Campionato de Chave Joyería Riveiro no Paseo do Espolón.
- 21.00 h** Actuación musical de Los Tres Soles del Paraguay na Praza de Macías.
- 23.30 h** "Hands": Espectáculo audiovisual (Dj's) e pirotécnico que repasará tódolos estilos musicais en colaboración coa cantante Lucía Pérez, no Paseo do Espolón.




Sábado de Pascuilla, 27 de abril

- 11.00 h** Xuntanza en Iria Flavia (antigo Restaurante Iria) dos/as Amigos/as de Iria Flavia para percorrer lugares históricos da zona.

- 12.00 h** Pasarrúas a cargo do grupo folclórico Rosalía de Castro, que acompañará aos xigantes e cabezudos polas rúas da vila.
- 13.15 h** Ofrenda floral dos Amigos/as de Iria Flavia na lápida de D. Juan, previa á Misa polos Amigos/as Falecidos/as, ás 13.30 horas na igrexa de Santa María a Maior de Iria Flavia. Posterior foto de grupo e ás 14.30 horas, xantar de confraternidade.
- 14.00 h** Ciclismo: 57ª Clásica de Pascua. Organizada polo Club Ciclista Padronés. Chegada prevista sobre as 17.00 horas no Campo do Souto.
- 18.00 h** Actuación do grupo folclórico Rosalía de Castro na Praza de Macías.





- 19.00 h** Actuación do grupo folclórico A.C. San Pedro de Carcaía na Praza de Macías.
- 20.00 h** Espectáculo de maxia a cargo do ilusionista Manuel Maravilla, finalista do casting de Got Talent 2018, na Praza de Rodríguez Cobián (en caso de chuvia, no Auditorio Municipal).
- 21.30 h** Noite de Rock dos 80: Concerto de La Frontera no Paseo do Espolón.
- 23.00 h** Actuación da Orquestra Charleston na Praza de Fondo de Vila (pases de 23.00 a 00.00 e de 2.00 a 4.00 horas).
- 24.00 h** Gran exhibición de fogos de artificio no Campo da Barca a cargo de Pirotecnia López, de Os Ánxeles (Brión).
- 00.15 h** Noite de Rock dos 80: Concerto de La Guardia no Paseo do Espolón.

Domingo de Pascuilla, 28 de abril

- 11.30 h** Pasarrúas a cargo do grupo folclórico O Pedrón, que acompañará aos xigantes e cabezudos polas rúas da vila.
- 12.00 h** Actuación do grupo folclórico Arreixeira na Praza de Macías.
- 12.00 h** Xuntanza da Excma. Corporación Municipal coa Irmandade dos Fillos e Amigos de Padrón na Praza dos Fillos e Amigos de Padrón. Posterior ofrenda floral diante da estatua de Rosalía de Castro, no Paseo do Espolón, co acompañamento da Banda de Música Municipal de Padrón. As persoas e entidades homenaxeadas este ano son:
- María Dolores Mariño González: cofundadora do Grupo Exlabesa.
 - Gonzalo M. Castaño Solar: padronés residente na Coruña, xubilado de Nestlé.

- María Dolores Paz Caméan: mestra xubilada.
- Carmen Lago Rivera: mestra pementeira (Pementos Carmucha - Herbón).
- Manuel F. Rodríguez: xornalista e historiador. Amigo de Padrón.
- Manuel López Gómez: xubilado de Telefónica.
- Asociación Cultural Motos Antigas Terras de Padrón: asociación de motos históricas.
- Pompas Fúnebres de Padrón: empresa creada en 1985.

13.00 h Actuación da agrupación folclórica O Pedrón na Praza de Macías.

18.00 h XI Festival de Bandas Capital do Sar na Praza de Macías:

- Banda de Música Isabel II de Touro.
- Banda de Música de Sanxenxo.
- Banda de Música Municipal de Padrón.

21.30 h Gran verbena amenizada polas orquestras Gran Parada (na Praza de Fondo de Vila, con passes de 21.30 a 23.00 e de 00.30 a 2.00 horas) e Atenas (no Paseo do Espolón, con passes de 23.00 a 00.30 e de 2.00 a 3.30 horas).

AVISO IMPORTANTE:

Os horarios son aproximados e poden sufrir pequenas variacións.

No caso de que a meteoroloxía impida a celebración das actividades previstas ao aire libre, comunicaranse os cambios oportunos a través da páxina de Facebook do Concello de Padrón.





BAR MANOLO



COCINA GALEGA
A MATANZA, PADRÓN
RESERVAS: 981 812 089

bar manolopadron

PRESENTA OS

SÁBADOS DE CEA - TROULA

2º e 3º SÁBADO DO MES DE
XANEIRO A NOVEMBRO
DIFERENTES MENÚS A:

15,00 €uros

MENÚ DO DÍA DE LUNS A VENRES

9,00 €uros

OS VENRES: CHURRASCO

NO INVERNO:

- 2º e 4º MARTES DO MES: COCIDO
- OS VENRES: CALLOS E CHURRASCO

MENÚS VARIADOS - CONSULTAR

Sábados de
PRAZA DE ABASTOS
COCINA GALEGA DE TEMPORADA
TODOS OS SÁBADOS SERVIZO DE COMIDA E CEA

BAR MANOLO
FAI A TUA RESERVA PARA
COMIDAS E CEAS PARA GRUPOS



NUEVO SERVICIO



PENSIÓN
FOGAR DO GABINO



EcoCLIMA GALICIA

- Frio industrial y comercial
- Climatización/ Calefacción
- Electricidad industrial
- Fábricas de hielo

Avda. Compostela, 25 - Baixo
15900- Padrón

Tel. 981 810 339 - Mov. 818 968 283
Servicio Técnico 622 817 148
ecoclimagalicia@gmail.com
www.ecoclima.com

FUENTES

PUERTAS AUTOMÁTICAS

- MANDOS A DISTANCIA
- REPARACIONES
- AUTOMATISMOS
- MANTENIMIENTO...



629 85 86 17

981 81 13 99

Fax 981 81 08 27

automatismos.fuentes@gmail.com

SAT

GYCSA

Café Bar
Latorre
Confitería

Tartas y Pastelería

ESPECIALIDAD EN DESAYUNOS

Ctra. Nacional 550 Coruña - Vigo
Tel: (981) 81.09.54
Padrón - La Coruña

Tamara Buceta

Perruquería
Centro de Estética
Quiromasaxe

C/Rúa Real, 11. Edificio Bouzas - 3º D
15900 PADRÓN (A CORUÑA)
Tlf. 981 91 29 68

Bambola
Cafetería

TODOS OS DÍAS DENDE AS 7:30
SÁBADOS, DOMINGOS E FESTIVOS DENDE AS 9:00

SOMOS ESPECIALISTAS EN ACOGER EVENTOS



Hotel Scala



Pazo Arretén

Asador O'Pazo



Bodega Pazo Arretén



www.hscala.com

hotel@hscala.com

Telf. 981 811 312



PROGRAMA DA SEMANA SANTA PADRONESA 2019

VENRES 5 DE ABRIL: PREGÓN DA SEMANA SANTA

20.00 h Organizado pola Confraría do Santo Enterro, ofrecerá o pregón na igrexa parroquial o doutor Ángel Carracedo Álvarez, catedrático de Medicina Legal da Universidade de Santiago e presidente da Academia Internacional de Medicina Legal. A continuación, a Coral Polifónica Padronesa interpretará pezas do seu repertorio de música sacra.

DOMINGO 7 DE ABRIL: COMEZO DO SEPTENARIO DAS DORES

19.30 h Organizado pola Confraría da Virxe das Dores. Tódolos días ás 19.30 h. terá lugar o Santo Rosario e o rezo do Septenario.

20.00 h Santa Misa, ofrecida polos devotos da Nosa Señora das Dores, vivos e defuntos.

VENRES 12 DE ABRIL: VENRES DE DORES

19.30 h Santo Rosario e rezo do Septenario.

20.00 h Misa solemne e a continuación, organizada pola Confraría da Virxe das Dores, saída da procesión, percorrendo polas rúas de costume.

SÁBADO 13 DE ABRIL: MISA DA CONFRARÍA DO SANTO ENTERRO

20.00 h Misa parroquial ofrecida polos membros e colaboradores, vivos e defuntos, da Confraría do Santo Enterro.



DOMINGO 14 DE ABRIL: DOMINGO DE RAMOS

11.30 h. Bendición das palmas e os ramos de oliveira na igrexa parroquial. A continuación, saída da procesión co paso da Entrada de Xesús en Xerusalén, que discorrerá polo traxecto habitual. Recollido o desfile procesional, celebrarase a Santa Misa do Domingo de Ramos na Paixón do Señor.

XOVES 18 DE ABRIL: XOVES SANTO

19.30 h Celebración da Santa Misa da Cea do Señor. Ao remate, comezo da Procesión do Encontro (20.30 h.) coa seguinte orde:

En primeiro lugar, saída da imaxe de Xesús Nazareno, acompañada polos membros da Confraría do Santo Enterro e de tódalas persoas que o desexen. Despois dun breve intervalo, saída da imaxe da Virxe das Dores, xunto ás de San Xoán Apóstolo e a Verónica, acompañadas polos membros da Confraría da Virxe das Dores, dalgunhas mulleres ataviadas con mantilla española e de tódalas persoas que queiran. Ambas comitivas discorrerán polos lugares de costume.

Na praza de Macías, representación da escena do Santo Encontro de Xesús Nazareno, camiño do Calvario, coa Verónica, o Apóstolo San Xoán e súa Nai, a Virxe María, actuando de narrador o Rvdo. P. Benjamín Picado González, C. F. M.

A continuación, nun só desfile procesional, regreso cara á igrexa. Na Procesión do Encontro participará a Corporación Municipal do Excmo. Concello de Padrón.

00.00 h Saída da Procesión da Santa Cruz do Calvario coas imaxes da Santa Cruz e do Ecce Homo, acompañadas polos membros da Confraría do Santo Enterro portando fachos, ademais dalgúns penitentes arrastrando cadeas suxeitas aos seus pés, acompañados polo ritmo da Banda de Tambores e ao son das carracas e matracas. Recollida a procesión, a igrexa pechará ata o venres ás 9.00 horas.

VENRES 19 DE ABRIL: VENRES SANTO

11.30 h Rezo do *Vía Crucis* na igrexa.

18.30 h Comezo dos Santos Oficios da Paixón do Señor, seguidos da representación da escena do Desencravo de Xesús da Cruz, narrada polo Rvdo. P. Benjamín Picado González.

20.00 h Saída da Procesión do Santo Enterro, seguindo o percorrido de costume. A Santa Urna de Cristo Xacente discorrerá franqueada polos seus confrades e pola Corporación Municipal do Excmo. Concello de Padrón (un dos concelleiros portará a Cruz do Calvario).

21.00 h Recollida na igrexa a Procesión do Santo Enterro, saída da Procesión da Soidade ou dos Caladiños. Acompañando á imaxe da Virxe da Soidade polo traxecto habitual irán os membros da Confraría da Virxe das Dores, xunto con algunhas mulleres tocadas con mantilla española e tódalas persoas que queiran unirse.

SÁBADO 20 DE ABRIL: SÁBADO SANTO

21.00 h. Comezo da Solemne Vixilia da Resurrección do Señor coa que se abre o tempo litúrxico da Pascua.



MÚSICA SACRA

CORAL POLIFÓNICA PADRONESA

Pregón, Concerto, Xoves e Venres Santo



CORO DA PARROQUIA

Domingo de Ramos

SINOPSE DE ACTOS E HORARIOS

Venres 5 de abril

Pregón da Semana Santa (20.00 h.)

Venres de Dores (12 de abril)

Misa solemne e procesión (20.00 h.)

Domingo de Ramos (14 de abril)

Bendición, procesión e misa (11.30 h.)

Xoves Santo (18 de abril)

Misa da Cea do Señor (19.30 h.)

› Procesión do Encontro (20.30 h.)

› Procesión da Santa Cruz do Calvario (00.00 h.)

Venres Santo (19 de abril)

Celebración da Paixón do Señor (18.30 h.)

› *Vía Crucis* (11.30 h.)

› Santos Oficios da Paixón do Señor (18.30 h.)

› Procesión do Santo Enterro (20.00 h.)

› Procesión da Virxe da Soidade (21.00 h.)

Sábado Santo (20 de abril)

Solemne Vixilia Pascual (21.00 h.)

Domingo de Pascua (21 de abril)

Misa de Pascua (12.30 e 20.00 h.)

PREDICACIÓN

ROBERTO MARTÍNEZ DÍAZ

Párroco de Iria Flavia-Padrón

(Septenario, Venres de Dores e Domingo de Ramos)



**RVDO. P. BENJAMÍN
PICADO GONZÁLEZ, C. F. M.**





Carpintería de aluminio | Curvado de perfiles | Soldadura en aluminio

INSTALADOR OFICIAL DE



SISTEMAS DE ALUMINIO PARA LA ARQUITECTURA

+34 981 811 530

+34 981 810 527

Calle Paraíso s/n, A Ponte-Padrón
15900 A Coruña



info@alusefer.com



www.alusefer.com

PERSOAS, EMPRESAS E ASOCIACIÓNS HOMENAXEADAS POLA IRMANDADE DOS FILLOS E AMIGOS DE PADRÓN

Na reunión celebrada o 4 de marzo, a Xunta Directiva da Irmandade dos Fillos e Amigos de Padrón, baixo a presidencia de D. Arturo Manuel Reboyras Villaverde, na que actuou como secretario D. Manuel Garrido Rivero, acordou outorgar as insignias de Ouro e as Placas de Honra do 2019 ás seguintes persoas e entidades.




Carmen Lago Rivera
Mestra pementeira
(Pementos Carmucha, Herbón)



Gonzalo M. Castaño Solar
Padronés residente na Coruña
(xubilado de Nestlé)



Mª Dolores Mariño González
Confundadora
do Grupo Exlobesa



Manuel F. Rodríguez
Xornalista e historiador
Amigo de Padrón



Manuel López Gómez
Xubilado de Telefónica



Mª Dolores Paz Cameán
Mestra xubilada



**Asociación Cultural Motos Antigas
Terras de Padrón**
Asociación de motos históricas



Pompas Fúnebres de Padrón
Empresa creada en 1985



GRILO

fundado en 1952



RESTAURANTE · PENSIÓN · BAR

Avda. Camilo José Cela 30 - IRIA - PADRÓN (A Coruña)
 Telf.: 981 810 607 - 619 683 320
 oscarusavila@gmail.com · www.pensionenpadron.com

PADRON PC

Informática





C/ Dolores nº 12 · 15900 PADRÓN (A Coruña)
 Telf.: 981 812 031 · Móvil: 699 836 102
 padronpc@mundo-r.com
 www.tiendasblu.com




SEGUROS
ADMINISTRACIÓN DE FINCAS
SERVIZO DE LIMPEZA
INMOBILIARIA

Rúa, 101 Baixo - Padrón
 ☎ 981 81 23 29
 ☎ 981 81 23 23
 adinaxestion@adinaxestion.com
 www.adinaxestion.com
 facebook.com/adinaxestion
 @adinaxestion
 www.padronrealtail.com/adinaxestion.htm



ARBALLIDO CONSULTING S.L.

Seguros Inmobiliaria

Agencia Reale Padrón
 Rúa Real, 30 Baixo
 15900 PADRÓN
 Tel.: 981 811 840 - Fax 981 810 407
 fjcarballedorey@gmail.com
 www.carballido-sl.com



VINTE ANOS DE TURISMO DE PADRÓN

Alberto Rey Castro

Técnico de Turismo de Padrón

Co son das doce badaladas do pasado 31 de decembro cúmpriáanse os primeiros 20 anos de existencia do servizo de turismo de Padrón de forma continuada, aínda que as portas da oficina realmente abríronse por primeira vez de xullo a setembro de 1997 para atender aos visitantes na época estival.

A apertura da Oficina de Turismo a finais dos anos 90 era unha necesidade palpable nunha vila como a nosa, por mor do volume de patrimonio cultural, literario, gastronómico e natural que temos en 45 quilómetros cadrados e do que poucos concellos poden presumir, que xa eran visitados por milleiros de persoas. Un paso previo para conseguir a declaración de Municipio Turístico de Galicia no ano 2000.

Aquela primeira oficina, construída en madeira a carón do Xardín Botánico, no seu primeiro ano de vida xa daba conta

na prensa local dos preto de 20.000 turistas vacacionais que eran atraídos pola Casa-Museo Rosalía de Castro ou polos enclaves xacobeos, procedentes principalmente de Madrid e Cataluña, e portugueses, arxentinos ou franceses que eran os que se interesaban por Padrón fóra das nosas fronteiras.

Nos comezos contaba con información da vila en catro idiomas, poñendo en valor os principais lugares de interese turístico, así como folletos de toda Galicia, dando un mellor servizo de información ás persoas que se achegaban á oficina.

Revisando as noticias en prensa da época, vese como naqueles inicios Padrón aparecía por primeira vez na Feira Internacional de Turismo (FITUR), en Madrid, tentando contactar con operadores turísticos e axencias de viaxes para incluír á nosa vila nos seus circuitos por Galicia; o primeiro disco compacto turístico-cultural que permitía

ás persoas unha vista interactiva polos principais atractivos da vila, tal e como sinalaba a prensa, ou a instalación de sinalización turística, ferramentas que nese momento serviron como punto de partida para colocar a Padrón no mapa turístico da Comunidade.

Sete anos máis tarde, a Oficina de Turismo mudou a súa fisionomía pasando a ter forma hexagonal e acristalada, moito máis moderna que a anterior e algo máis grande. Pero non sería ata o verán do 2009 cando se traslada á súa localización actual na zona das Lágrimas para conseguir unha maior visibilidade e estar máis preto dos peregrinos que se achegan a través do Camiño.

O perfil do visitante na actualidade tamén cambiou con respecto a eses anos. Agora un 60% das persoas que nos visitan chegan a través do Camiño, aínda que ninguén marcha



Foto: Paco Costas Lamas

sen probar os pementos de Herbón, un dos nosos principais recursos turísticos. Veñen principalmente de Madrid, e son Portugal, Italia e Alemaña os lugares de procedencia dos estranxeiros que máis nos visitan, na súa maioría mulleres (60,3%), as cales valoran Padrón como destino turístico cun 7,90 sobre 10, e que recomendarían visitar (89,6%)¹. Peregrinos de lugares tan afastados

como Australia ou Sudáfrica, que chegan a Padrón cheos de ilusión e experiencias, buscando coñecer o noso pasado xacobeo, e que polas diferencias idiomáticas cústalles un pouco máis saber pronunciar de forma correcta o Santiaguíño do Monte ou solicitar a Pedronía. Persoas na súa maioría anónimas que marchan de Padrón sendo os mellores embaixadores que poderíamos ter.

Neste tempo, a Oficina de Turismo pasou por tres Anos Santos, 7.300 días e máis de 470.000 visitantes atendidos polos informadores e técnicos de turismo que sempre tentaron mostrar a cara máis amable dunha vila que debe estar orgullosa do seu pasado histórico e reivindicando o lugar que merece como berce do Xacobeo.

¹Fonte: Plan de Acción Turismo 2017/2021)



Gráficas Lasa S.L.

+34 981 108 183

Polígono Industrial de Pozos, parc. 13 - CP 15917
Padrón - A Coruña. - www.graficaslasa.com



**25 AÑOS EN EL MERCADO NOS APORTAN LA EXPERIENCIA
NECESARIA QUE ES SINÓNIMO DE CONFIANZA
PARA NUESTROS CLIENTES.**



www.gadisa.es
 @gadisa.es
 @gadisa.es

Contribuíndo ao desenvolvemento, estando sempre e potenciando a sociedade, a cultura e o deporte da nosa terra, garantindo a calidade e diversidade ao consumidor. Cada vez máis e melloras puntas de venda. Traballando polo futuro.

GADISA

GADISA GADISA GADISA GADISA

- IMPLANTES
- PRÓTESIS
- RADIOLOGÍA
- ORTODONCIA

El personal del Centro Dental Padent les desea Felices Fiestas

CITA PREVIA

Tel.: 981 812 016 • Móvil: 679 052 111
 Rúa Real, 29 - baixo • 15900 PADRÓN (A CORUÑA)
 clinicadental@padent.es
 Nº Registro Sanitario: C-15-003896

*Si quieres Pementos, e bo
 viño Albariño e Ribeiro
 visita **Casa DIOS**
 que é o primeiro*

Teléfono 981 81 02 55 • HERBÓN • PADRÓN (A Coruña)

//ABANCA

GALERÍA DE PERSONAXES NACIDOS EN PADRÓN

Juan Ramón Baliñas Bueno

Economista

Padrón é unha poboación bimilenaria. No ano 79 o emperador Tito Flavio Vespasiano concede a Iria o *Ius Latii*, mediante o cal os seus habitantes poden obter a cidadanía romana se ocupan cargos públicos.

Ao longo da historia os irienses forxaron o seu espírito na ría de Arousa. Máis tarde Padrón desenvólvese como núcleo de pescadores. Despois os padroneses embarcan nas galeras de Xelmírez. Na Idade Media Padrón é porto franco e no século XX os cesureses navegan en barcos mercantes e de pesca.

Son acontecementos que deixan pegada no espírito e carácter dos padroneses, moitos deles homes do mar, de mirada directa e firme.

Tamén a paisaxe e o clima condicionan a forma de ser das persoas. O clima morno e a paisaxe suave da espléndida veiga modelan o espírito dos padroneses.

A paisaxe acariñadora aberta cara ao mar polo Ulla confírelles trazos no carácter, personalidade fiel aos valores e tradicións, á experiencia histórica, con trazos de humor e de espírito de poeta, de vida variada e de non deixarse levar polo remuíño da vida.

En Padrón naceron unha morea de personaxes, moitos teñen concedida unha rúa na vila, como Rosalía de Castro; outros, aínda non sendo oriundos de Padrón, deben ser citados polas súas especiais relacións e vivencias na vila. Deben estar tamén os nados no século XX, uns coa súa historia xa escrita, outros máis próximos a nós, o máis representativo é don Camilo José Cela. As dúas biografías xa publicadas no anterior libro da Pascua.

Nunha galería de personaxes nados na nosa fermosa vila deben figurar moitos por dereito propio e, de forma subxectiva, citamos a biografía de trece

padroneses nados entre os séculos XIV ao XIX, ordenados por data de nacemento, non figurando ninguén nado no século XX.



Macías O Namorado

A praza de Macías, no fermoso centro de Padrón, é moi coñecida por todos os que visitan a vila, tanto na festa da Pascua, chamados aquí “pascueiros”, como polo resto de visitantes. Pero, quen era Macías?

Macías O Namorado naceu en Padrón, na aldea de Bandín, a finais do século XIV. O seu nome era Matías Cascallar e Guisande, aínda que algúns chamábano Ferrán Cascaes. Era amigo de Juan Rodríguez de la Cámara, un padronés novelista que serviu á raíña Isabel a Católica e ingresou no Convento de Herbón. El trouxo a palmeira que estaba no convento desde Xerusalén.

Poucos sucesos coñecemos do desenvolvemento da vida de Macías. O máis importante empeza cando entra ao servizo de don Enrique de Villena. Este señor reclúeo para castigar o seu amor por unha dama do seu séquito. Posteriormente, figura á beira do mesmo cabaleiro nunha batalla contra os árabes. No seu retorno atopa á súa amada casada co señor de Porcuna, Hernán Pérez de Padilla, un home tremendamente celoso.

Macías fala coa dama e é sorprendido polo esposo. A dama é recluída nun convento e Macías encerrado no castelo de Argonilla, Baeza, Xaén. Desde a xanela do torreón Macías canta á súa amada e lamenta a

súa morte. O celoso marido guindoulle una lanza desde a porta e puxo fin á vida do poeta. É enterrado na igrexa de Santa Catalina, no mesmo castelo.

A súa lápida di: “Aquí xace Macías O Namorado”.

A vila de Padrón dedicoulle a súa praza central: “Praza de Macías”.

Juan Rodríguez de la Cámara

O poeta relixioso Juan Rodríguez de la Cámara, da nobre familia padronesa “de la Cámara”, era amigo do padronés Macías O Namorado e deixou obra profana e relixiosa.


O sevillano Juan de Cervantes y Bocanegra, que estudou Dereito na Universidade de Salamanca, acode como sacerdote ao Concilio de Siena. Alí defendeu a superioridade do Papa respecto ao Concilio. O Papa Martiño V en 1426 fíxoo arcebispo de San Pedro *ad Vincula*.

O arcebispo Cervantes instálase en Roma e rodéase de familiares, entre os que se atopaba o seu protexido Juan Rodríguez de la Cámara, nacido en Padrón en 1390.

Juan Rodríguez de la Cámara estuda en Salamanca e ponse ao servizo do arcebispo Juan de Cervantes. No

contacto coa Corte recibe boa educación e destaca en poesía. Posiblemente foi paxe de Juan II, pai de Isabel a Católica.

En 1430 viaxa a Italia acompañando ao arcebispo Cervantes na visita ao Convento Xeral dos franciscanos en Asís. En 1438 visita Suíza.



De regreso á Corte ten amores cunha dama da Raíña, casada. Juan Rodríguez conta o seu amor a un amigo e, ao decatarse a dama, tórnalle as costas.

Marcha entón lonxe da Corte, peregrina a Xerusalén no ano 1440 e alí decide profesar o sacerdocio. Á súa volta recibe beneficios de varias parroquias galegas e un canonicato en Tui.

Desde 1438 escribe a súa obra literaria, reflexo do desengano amoroso, *Servo libre de amor*. Dedicaa ao seu amigo Gonzalo de Medina, xuíz de Mondoñedo. A obra narra unha historia amorosa e introduce ao mesmo tempo unha novela cabaleiresca. Utiliza verso e prosa, unha innovación, e cita a Galicia e a Padrón, polas que sente moito apreco.

Como novelista é un dos máis brillantes do seu tempo. En 1440 escribe *Cadira de honor*, *Triunfo de las donas* e epístolas como *Bursario* e *Oriflama*. En verso escribiu *Siete canciones*, *Los diez mandamientos del amor* e *Siete gozos de amor*.

Isabel a Católica encoméndalle mediar nos preitos dos señores feudais de Galicia. Máis tarde ingresa no convento dos franciscanos de Herbón, onde terá lugar o seu pasamento, arredor de 1450. Á súa vila natal, Padrón, dóalle parte da súa fortuna.

A vila de Padrón dedicoulle a antiga rúa do Sol, hoxe Juan Rodríguez de la Cámara.

Alonso de la Peña y Montenegro

Na visita a realizar en Padrón, pasamos pola súa rúa principal, a rúa Longa, ao final na rúa Dolores, á esquerda, vemos un palacio con soportal: o palacio do bispo de Quito con dous escudos, un de 1669.

Don Alonso de la Peña y Montenegro naceu en Padrón o 27 de abril de 1596, no seo dunha familia nobre.

Realiza estudos eclesiásticos e universitarios en Santiago de Compostela. Recibe o grao de graduado en dita Universidade de Santiago, na capela da Comunión da catedral compostelá.

Posteriormente, foi catedrático de Teoloxía e reitor na mesma Universidade de Santiago, ata que foi nomeado bispo de Quito. Máis tarde é nomeado vicerrei do Perú, Capitán Xeral de Quito, para facerse cargo do goberno da zona.

Escribiu a obra *Itinerario de párrocos* e morreu en Quito o 12 de maio de 1688, onde está enterrado.

Don Alonso dotou o seu panteón na Colexiata de Iria Flavia. Debido a isto, no costado sur do transepto foi engadida

no século XVIII a capela de San Ildefonso.

No costado esquerdo da capela, baixo un arco, atópase o sepulcro do padronés don Alonso de la Peña y Montenegro, bispo de Quito.

É un mausoleo con bela estatua orante do bispo, obra do arquitecto Melchor de Velasco, encargo do propio bispo para o seu enterramento.

O sepulcro na Igrexa de Iria Flavia está baleiro por non terse encargado os seus descendentes de traer o corpo desde Perú, como el dispuxera. Enriba do orante hai un gran escudo de armas.



Pai Gregorio

O Pai Gregorio foi o fundador da ermida do Santiaguíño. Pouco coñecemos deste padronés, tamén coñecido como Frai Manuel, quen adquiriu merecida fama no século XIX como un grande teólogo.

Naceu en Padrón o 28 de agosto de 1767. Estudou no convento dos dominicos de Santiago de Compostela e tomou os hábitos de dominico no mesmo co nome de Frai Manuel. Máis adiante consegue ser profesor de filosofía nas cidades de Santiago, Oviedo e Ourense.

É considerado, como xa dixemos, o fundador da ermida do Santiaguíño do Monte, lugar no que predicou o apóstolo Santiago.

En 1805 doutórase en Teoloxía e adquire gran fama por ser o impugnador das ideas do xesuíta Masdeu.

Posteriormente é nomeado prior do convento de dominicos de Santiago, conseguindo a cátedra de teoloxía en 1837. A súa morte prodúcese nese mesmo ano.

Eduardo Ruiz Pons

O avogado, xornalista, profesor, político e escritor Eduardo Ruiz Pons foi un político demócrata que formou parte da sublevación de Solís e Faraldo

(secretario da Xunta de Galicia) contra o ditador Narváez. Naceu en Padrón o 19 de setembro de 1819. Era fillo do militar liberal republicano Ángel Ruiz Hermida, da nobre familia Hermida do Pazo de Lestrove.

Cursa estudos de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela e involúcrase na vida universitaria da época. Era amigo do xornalista Agustín Faraldo e Ramón de la Sagra, entre outros revolucionarios.

En 1846 xurde en Galicia o Romanticismo. Unhas ideas expostas no xornal *El Porvenir* por xornalistas como Antolín Faraldo, Francisco Añón ou Romero Ortiz propagan a aspiración de manter a identidade galega propia de séculos anteriores. Un movemento galeguista que tiña como fin conseguir unha Galicia forte e independente das decisións centralizadas, aínda que dentro dun marco federal.

Un movemento representado por Faraldo, que contou co apoio dos militares e movementos estudantís do que Eduardo Ruiz Pons formaba parte.

O 2 de abril de 1846, o comandante Miguel Solís Cueto (acompañado polo comandante Velasco, mais 10 capitáns) sublévanse en Lugo contra o centralismo representado polo ditador Narváez, pretendendo formar parte



dunha república federal como outras connotacións na península.

Contan con Antolín Faraldo, quen é nomeado secretario da Xunta Superior de Goberno de Galicia, outros galeguistas do seu grupo, máis os estudantes en Santiago do Batallón Literario ao mando de Eduardo Ruiz Pons.

Madrid envía ao xeneral Concha. As tropas galeguistas son derrotadas en dúas batallas: Cacheiras e Santiago.

Máis tarde, despois dun xuízo sumarísimo, Solís, Velasco e os seus dez capitáns sublevados son sometidos a unha farsa de xuízo e fusilados o 26 de abril en Carral, pasando á historia de Galicia co nome de Mártires de Carral.

Hai un monumento a este suceso histórico levantado en Carral na súa honra, ao que cada ano, nesta data do 26 de abril, acoden os galeguistas a render homenaxe a uns heroes que defenderon o dereito de Galicia a ser xestionada polos galegos, dentro dunha república federal.

O padronés Eduardo Ruiz tivo que emigrar. Cando cambia o réxime é amnistiado e concédenlle a Cruz do Valor.

En Madrid exerceu de avogado, estudou ciencias e publicou artigos no xornal *La Discusión*, o que lle supuxo enfrontamentos. Posteriormente foi profesor de Historia Natural nos institutos de Oviedo, Pontevedra e Zaragoza, onde dirixiu o Partido Demócrata.

Saíu deputado nas eleccións de 1854 ao presentarse pola xurisdición da Coruña. Nas Cortes votou contra a monarquía e tivo que volver emigrar. O goberno español informou ao francés e foi detido vinte e un días en Burdeos.

Unha nova amnistía permitiríalle volver. Instalouse en Zaragoza, onde publicou un

programa democrático, por tal motivo foi procesado en 1861 e condenado a pagar mil pesetas de multa e doce anos de prisión. Foi absolto en 1862. Entón marcha a Xénova para unirse a Garibaldi, pero non se lle permite. Instalouse, pois, no Porto e publicou un libro sobre democracia. Ruiz Pons falecería nesta mesma cidade no ano 1865. A vila de Padrón dedicoulle a rúa Ruiz Pons.

José María Vidal Cepeda

Son curiosos os cambios que deu a vida do profesor e benfeitor padronés José María Vidal Cepeda. Naceu a finais do s. XIX, estudou latín, fíxose piloto, foi profesor en Cuba, volveu e aprobou a normal. Entón dedicouse ao que lle gustaba: dar clases.

Naceu en Estramundi (que significa “fóra do mundo”, un bonito nome para una aldea de Padrón) o 22 de xullo de 1823. Estuda e licénciase, primeiro en latín e filosofía. Máis tarde dá un cambio radical nos seus estudos ao acadar o título de piloto.

Embarcou e viaxou por diversas rutas do mundo ata recalar en Cuba. Naquela illa, perla da coroa española, comeza a dar clases e descobre a ensinanza: a súa verdadeira vocación.

En 1851 regresa a Padrón. Solicita entón á raíña Isabel II poder examinarse de mestre



sen ter pasado pola escola de ensinanza, a normal.

Aproba todas as materias e a reválida con sobresaínte, establecendo un colexio en Padrón con autorización do gobernador civil. Dedicou a súa vida a ensinar á mocidade da vila.

Máis adiante, casa con Arminda Astray. Desgraciadamente aos cinco anos, en 1871, enviúva. Despois morren os seus tres fillos. O cardeal de Santiago Martín de Herrera (1899-1922) felicítalo por dar ensinanza de balde aos pobres.

Don José María foi un gran benfeitor para a vila de Padrón á que doou todos os seus bens.

Entre as súas doazóns figuran as escaleiras de Santiaguiño do Monte, as escaleiras ao convento do Carme, a urna e accesorios da procesión do Venres Santo (de buxo, caoba e óso). O Cristo é articulado e sae en procesión desde 1894.

Tamén pagou as lámpadas da igrexa de Iria Flavia e a araña do altar do convento do Carme. No ano 1900 pagou o muro do Santiaguiño, á esquerda, entre a ermida e as rochas.

Morreu o 14 de abril de 1907 sendo enterrado no cemiterio de Adina, Iria Flavia. No testamento deixou de herdeiros de todos os seus bens aos pobres de Padrón.

En 1909 descubriuse unha placa na casa onde morreu e Padrón dedicoulle a rúa Vidal Cepeda, antes Pescadería.

Eduardo Gasset y Artime


O ministro de Ultramar don Eduardo Gasset y Artime foi político e xornalista. Destacou nesta última faceta ao fundar *El Imparcial* e *La Ilustración* de Madrid. Dimitiu de ministro ao non estar de acordo co goberno.

Naceu en O Paraíso, Cesures-Padrón o 12 de xuño de 1832 e aos once anos marchou a Madrid. Entrou a traballar no Banco de San Fernando, posteriormente Banco

de España, e tamén no Ministerio de Facenda.

En 1858 foi elixido deputado a Cortes pola vila de Padrón polo partido Unión Liberal. Tamén saíu deputado nas seguintes eleccións de 1863.

Foi director do xornal *El Eco del País* fundado en 1862. En 1867 fundou



en Madrid o xornal *El Imparcial*, de tendencia liberal.

Na súa carreira política foi gobernador civil de Pontevedra, concelleiro do Ayuntamiento de Madrid, subsecretario do Ministerio de Estado e, en 1827, ministro de Ultramar, cargo do que dimite.

Protexe ao escritor Valle Inclán. O seu fillo foi o xornalista e político Rafael Gasset e o seu neto, o famoso filósofo José Ortega y Gasset.

O xornalista e político morre o 20 de maio de 1884 en Madrid, á idade de 52 anos.

Rafael Balsa de la Vega

Foi un intelectual padronés. Primeiro inclinouse pola pintura, despois foi crítico de arte, escritor e rematou de tradutor de Emilio Salgari en obras como *Sandokan*.

Rafael Balsa de la Vega naceu en Padrón nunha data indeterminada, tal vez en 1859. Inclinouse pola pintura na súa xuventude e tomou parte en diversas mostras colectivas, entre elas a Exposición Nacional de Belas Artes de 1887. Unha das súas pinturas máis coñecidas é un retrato da escritora Emilia Pardo Bazán. Máis adiante a súa actividade centrouse na crítica de arte e na tradución. Balsa de la Vega colaborou como divulgador de temas artísticos na revista *La Ilustración*



Española y Americana e noutras publicacións.

O labor intelectual de Balsa de la Vega presenta tamén unha curiosa faceta como tradutor. A el débense algunhas das versións en castelán das famosas novelas de aventuras de Emilio Salgari, como *Os tigres de Mompracem* e *A vinganza de Sandokan*. Entre a súa obra como escritor destacan os seus libros:

-*Artistas y críticos españoles*. Trata as siluetas de pintores, escultores e críticos, publicado en 1887.

-*Orfebrería gallega*. É un conxunto de notas para a súa historia, aparecido en 1912.

-*Los bucólicos*. A pintura de costumes rurais en España.

-*Pisa*: amosa a influencia do Renacemento italiano no seu traballo. Libro publicado o mesmo ano da súa morte.


Rafael Balsa de la Vega finou en Madrid no ano 1913. O Concello de Padrón pon o seu nome a unha das súas rúas.

Ramón Tojo Pérez

Ramón Tojo Pérez, membro fundador da Real Academia Galega, foi avogado do Estado, político, escritor e intelectual padronés, promotor da cultura galega durante o Rexurdimento galego.

Ramón Tojo Pérez naceu en Padrón no ano 1860. Estudou o bacharelato no convento do Carme dos pais dominicos. Máis tarde acudiu a estudar Dereito na Universidade de Santiago de Compostela, onde tamén se doutora. Compañeiros seus foron Vázquez de Mella e o Marqués de Figueroa.

En 1883, con 23 anos, gañou as oposicións a avogado do Estado, na segunda



promoción. Foi un destacado avogado en Galicia xunto a Linares Rivas ou Pérez Porto e publicou artigos sobre o Dereito en Galicia.

Casou con Robustiana Baltar Cortés, irmá de Ángel Baltar Cortés, eminente cirurxián a quen Padrón concedeu o nome da praza de Baltar.

En 1840 foi deputado provincial pola Coruña. En 1903 foi presidente da Deputación da Coruña ata 1909.

Nestes anos axudou a Murguía, que era arquivista da Deputación e tamén subvencionou á Real Academia Galega e escribiu sobre a Guerra da Independencia en Herbón (Padrón).

Despois continuou como deputado provincial polo distrito de Padrón no Partido Conservador de Antonio Maura.

Nestas datas, ano 1906, convértese en membro fundador da Real Academia Galega, que tivo a Manuel Murguía, esposa de Rosalía de Castro, como o seu primeiro presidente.

Foi un grande promotor da cultura galega durante o Rexurdimento. Tivo moita relación con Rosalía de Castro e outros intelectuais nos seus coloquios cando vivía en Padrón. Na Coruña conviviu cos galeguistas da *Cova Céltica*.

Era amigo de Castelao, o Marqués de Figueroa ou Emilia Pardo Bazán, entre outros moitos intelectuais da época, dos que conservou unha nutrida correspondencia que legou aos seus sucesores.

Morreu o 7 de outubro de 1944 en Pontevedra. O intelectual Filgueira Valverde, ao ver a caixa, dixo: “Toda Galicia vai nela”. A vila de Padrón dedicoulle unha praza co seu nome.

Ángel Baltar Cortés

O padronés Ángel Baltar Cortés, doutor en Medicina, foi un adiantado cirurxián na súa época. Viaxou a Berlín para aprender novas técnicas e deseñou instrumentos. A vila de Padrón concedeulle o seu nome a unha praza en 1947.

Naceu en Padrón o 14 de Marzo de 1868. Era fillo de Ángel Baltar Varela, quen fora o primeiro licenciado en Farmacia, no ano 1861 na Universidade de Santiago de Compostela, ademais alcalde de Padrón e amigo de Rosalía de Castro, que utilizaba a súa biblioteca.

Ángel Baltar Cortés estudou bacharelato no Instituto de Santiago de Compostela, rematando en 1884, despois estudou na Facultade de Medicina da mesma cidade e licenciase con sobresaínte en Medicina o ano 1893.

No Hospital Provincial realizou as prácticas como médico interno e foi nomeado médico rural de Rois. En 1898 casa na igrexa de San Xulián de Requeixo con Isabel Domínguez, de Pontecesures.

En 1923, o doutor Baltar Cortés foi nomeado director do Gran Hospital de Santiago de Compostela, do que foi cirurxián durante trinta anos. Máis tarde co doutor Varela fundou, en 1908, o Sanatorio Baltar en Santiago de Compostela.

Ángel Baltar Cortés viaxou en 1909 a Berlín para observar as últimas técnicas da súa especialidade, a cirurxía. En 1915 creou un laboratorio onde deseñaría aparellos.

Morreu o 20 de maio de 1934 e foi enterrado no cemiterio de Padrón. Na súa memoria creouse a Fundación Baltar, dedicada a embolsar licenciados en Medicina para estudos de cirurxía.

O Concello de Padrón, en agosto de 1947, concedeulle o seu nome á praza de Ángel Baltar Cortés.

Eloy Artime Pérez

Eloy Artime Pérez foi alcalde de Santiago de Compostela. Estableceu un coloquio na súa tenda da rúa Caldeirería co deán da catedral Salustiano Portela Pazos, entre outros. Foi un republicano que socorría aos necesitados.

Naceu en Padrón o día 30 de outubro de 1873. Seu pai, José Artime, era comerciante. Aos doce anos queda orfo e busca emprego como dependente dun comercio de teas do Sr. Tojo en Santiago de Compostela. Aos vinte anos establécese cun bazar na rúa Caldeirería, número 37.

En 1902 casa no palacio arcebispoal de Lestrove con Camila Astray, filla do médico de Lestrove.

Oficia a cerimonia don Salustiano Portela Pazos, posteriormente nomeado deán da Catedral. Don Salustiano tiña fama en Santiago de ser moi puntual. Cando pasaba pola rúa do Vilar para a súa misa de doce, coa súa vestimenta negra e a cruz de Santiago, zapato negro con fibela de prata, a xente dicía: “don Salustiano vai para a catedral, van dar as doce”.

Eloy Artime foi un cualificado representante da opinión pública en Padrón e Santiago. Ocupou importantes cargos como alcalde de Compostela, portavoz da Defensa del progreso de Padrón, presidente da Liga de Amigos de Santiago ou socio fundador da Sociedad de Amigos del País.

Formou coloquios con Valle Inclán, López Pol, doutor Devesa ou Portela Pazos, entre outros. Don Eloy Artime axudaba e socorría dunha maneira altruísta e calada a moitos necesitados.

A súa inclinación política era republicana. Foi directivo do Centro Republicano de Santiago. Varias veces propuxéronlle ir a Madrid pero non abandonou nunca a súa terra. Finalmente morreu aos 55 anos en Santiago, en maio de 1929.

Nicasio Pajares

Nicasio Pajares Ojeros, o novelista esquecido nacido en Padrón. Un escritor sobre a emigración na Arxentina. Os seus



libros son testemuño especialmente da emigración galega.

Naceu en Padrón o 15 de decembro de 1881. O seu pai era tenente en Filipinas e seu tío era maior do exército uruguai. Educouse nun colexio madrileño de orfos de militares.

Aos catorce anos partiu para Uruguai, volveu ao ano seguinte e púxose a estudar contabilidade.

Emigrou a Bos Aires e empregouse nun comercio ata que decidiu volver estudar, neste caso literatura, na cidade de Rosario.

Máis adiante funda o xornal *El Despertar Hispano*, un diario ácrata publicado en Rosario.

En 1906 volveu visitar á súa familia en Galicia e foi detido en Vigo por ter o xornal *El Despertar Hispano*, considerado subversivo, meténdoo tres semanas no

cárcere da Coruña. Regresou a Arxentina, converténdose en porteiro de fútbol no *River Plate*. Despois vendeu alcol en sitios afastados e, máis tarde, escribiría en diversas revistas.

En 1919 regresa a España, desenganado, e casa en 1920 en Madrid con María Escolano. En 1922 publica *Teatro de la Emigración* e, en 1923, a súa primeira novela: *El conquistador de los trópicos*. Máis adiante publica as súas outras obras: *El pensador de la selva* (1925), *Atorrántida* (1929), *Don Quijote y el tío Sam* (1930) e *Cómo pervirtieron a Palleiros* (1931).

Conta o xornalista Ángel Novo que en 1930, paseando polo xardín de Padrón con Nicasio Pajares, a este caeulle unha monda de plátano no sombreiro. Cabreado mirou arriba e veu a un rapaz enriba dunha árbore, chamou ao xardineiro e fíxoo baixar, e dixo: “É Camilo José Cela, o sobriño dos Trulock, que está facendo de mono de Xibraltar”. Cela seguiu facendo de mono e ao baixar desculpouse dicindo que tiña présa, esperábano unhas rapazas. Posiblemente foi a única ocasión na que ambos os dous escritores de Padrón puideron verse. Pajares cumprira xa os 50 anos e Camilo José Cela tería uns 14 anos.

En Madrid colaborou coa revista *España* e dedícase a escribir toda a súa obra literaria: as novelas de ditadores, sobre a fobia aos galegos, sobre o desprezo

aos italianos, tanto en Uruguai como na Arxentina.

Os seus anos finais en Madrid foron tenebrosos, non era ben considerado polas súas ideas anarquistas, non obstante as súas boas obras de novela e teatro, perseguido polo réxime franquista, unha noite fórono buscar, pero, ao velo tan esquelético, deixárono en paz.

Camilo José Cela dedicoulle un número da revista *Papeles de Son Armadans*, e quixo que a Fundación Camilo José Cela de Iria Flavia reeditase todas as súas novelas, cousa que, ao final, non conseguiu.

A súa filla e herdeira, María del Carmen Pajares, doou todos os recordos do seu pai á Fundación Camilo José Cela, onde podemos ver os seus cinco libros, recortes de artigos, cartas, documentos e un texto mecanografado.

Nicasio Pajares morreu en Madrid o 26 de abril de 1956 e foi enterrado no cemiterio da Almudena. O Concello de Padrón dedicoulle unha placa en 1957 na casa do seu nacemento na Trabanca, conservada hoxe en mal estado.

Ramón Rey Baltar

Ramón Rey Baltar foi médico e poeta en galego. Realizou case todo o seu traballo na emigración, en Bos Aires, onde presidiu

diversas institucións médicas e culturais galegas.

Naceu en Padrón o 5 de abril de 1882. Estudou na escola de José María Vidal Cepeda. Posteriormente, matricúlase en Medicina na Universidade de Santiago, onde finaliza os seus estudos en xuño de 1904.

Respecto á súa significación política estaba aliñado nas proximidades do Partido Galeguista de Castelao. Médico e poeta, publica varios libros.

No seu primeiro traballo foi nomeado médico de pobres no Concello de Padrón, pero debido á súa afiliación política foi cesado en 1910.

En 1910 funda en Rianxo, xunto a Castelao e Rafael Dieste, o xornal *El Barbero Municipal*. En 1912 ingresa como médico da Mariña. En 1914 emigra a Arxentina e dirixe varias institucións médicas.

Foi presidente do Centro Galego A Irmandade Galeguista na capital federal, Bos Aires. Ademais dirixe el xornal *A Nosa Terra*.

Cando Castelao chega a Bos Aires relaciónanse moito, ata que Castelao enferma. Ramón Rey foi, xunto a Gumersindo Sánchez Guisande, un dos seus médicos.



No ano 1939 publica en Bos Aires o primeiro libro de poemas en galego *A gaita a falare*, que critica a Guerra Civil española. O libro está ilustrado por Castelao e Seoane. Vexamos un poema:

Galicia. Hoxe non eres a de antes

*A Inquisición ergue a croca
pior que na Idade Meia,
i-unha bandada de corvos
arredor voa da presa.*

*Matarifes alugados,
banqueiros, xente de igrexa,
señoritos lacazáns
i-a máis inmunda raleia.*

*¡Probe Galiza, que sangras
por mil feridas abertas!
¡Malia qénes che as fixeron!
¡Malia quénes che encadean!*

Linda Leliña

Boutique Infantil

C/. Tetuán, nº 2 Tel.: 981811752 Padrón 

deportes
ESTORNELA

Rúa Pésico, 4. Padrón
TF 981 811 809 info@estornela.es
www.estornela.es

facebook

Deportes Estornela



 **RIPERFER** S.L.
FERRETERIA

E-mail: ferreteria@riperfer.es

ferretería en general, pinturas, hierros,
maquinaria, azulejos, sanitarios, caza,
pesca, etc ...

Avda. Pontecesures 15
15900 Padrón (A Coruña)
t. 981 810 464 f. 981 817 021

almacén de materiales de construcción,
piedras naturales, morteros, tejas,
chapas fibrocemento, tuberías, etc ...

Ctra. Nacional 550, km. 78
15980 Escravitude, Padrón
t. | f. 981 803 667 m. 670 704 359

AS NACIÓNS CELTAS: UNIDAS POLAS SÚAS RAÍCES CULTURAIS E O ATLÁNTICO

Juan Ramón Baliñas Bueno

Economista

Irlanda, Escocia, Gales, Cornualles, Illa de Man e a Bretaña pertencen á Liga Céltica, teñen un idioma común: o gaélico. Outra nación celta é Galicia e existiron asentamentos menores en Portugal, Normandía, Asturias, Cantabria e León.



Os celtas e os trece castros nas terras de Iria Flavia, en Padrón

Os celtas entran en Galicia arredor do ano 600 a. C. debido ao desprazamento doutras razas. Pobo indoeuropeo, de Europa central, preto do nacemento dos ríos Ródano, Rhin e Danubio.

Os celtas introducen en Galicia o uso do ferro e a cultura dos castros: a súa peculiar forma de vida. Un castro é una fortificación circular arredor de pallozas ou vivendas. Características comúns aos castros son a súa situación nun outeiro sobre plataforma pechada con muralla de terra e base de pedras, á que se accede mediante un terraplén con parapetos. Nalgúns casos aproveitaban os regatos da contorna para construír un foxo dianteiro. Algúns permaneceron habitados ata a

Idade Media, os seus tardíos moradores eran coñecidos en Galicia co nome de “mouros”.

Os celtas cultivaban liño, cereais para fabricar cervexa, coas landras tostadas producían pan, pescaban, coidaban gando cabalar e lanar e fabricaban cerámica. Na citania realizaban a metalurxia do ferro, estaño, bronce e ouro. Practicaban a relixión panteísta, baseada na crenza de que Deus é o universo, adoraban a máis de cen deuses como o río, o monte, a árbore, as pedras...

Os celtas estendéronse por toda Galicia creando 5.800 castros, comunicados entre si mediante a visión directa, non alcanzaron a unidade política aínda que formaron comunidades federadas baseadas na familia. A súa tribo máis importante foron os ártabros, asentados no Golfo Ártabro entre Ortigueira e Noia, divididos en lapatianos, brigantinos e nerios. Outras tribos eran os caporos, supertamáricos, presamarcos, cilenos, elenos e grovios. Iria debía ter unha importante poboación polos numerosos castros que a rodean. Os xeógrafos Ptolomeo e Plinio escribiron sobre Iria, área na que sitúan aos celtas caporos.

A análise dos asentamentos primitivos na área de Iria permitiu localizar a existencia de trece castros celtas

prerromanos arredor dos outeiros próximos ao seu porto para protexer a zona.

No municipio de Padrón localízanse cinco castros:

- Castro de Iria, ubicado na meseta, de 22 m. de altitude no camiño desde o cemiterio de Adina cara a Arretén. A súa forma era circular e medía 75 m. de diámetro, as pallozas 2 m.

O peche efectuábase con muralla de 5 m. de altura e parapetos no outro lado. Non tiña foxo.

- Castro de Arretén, na metade do traxecto entre o cemiterio de Adina e Arretén, a 50 m. do anterior sobre unha meseta en declive suroeste a 30 m. de altitude. A súa forma era circular, e o diámetro era de 60 m., fortificado con grandes rochas naturais e pequenos monólitos cravados na terra. O peche foi realizado mediante muralla de terra de medio metro de anchura procedente da parte central, os parapetos estaban revestidos de pedras por ambos os dous lados diante da muralla, na porta había pedras labradas redondas e en cubos. Tiña diante un grande foxo só cegado no terraplén para entrar, debido a isto os veciños chámanlo *A Barronca*, tamén chamado *Palacio do rei*.

- Castro de Barco, chamado “Castro de arriba” está localizado a dous quilómetros de Padrón, estrada a Pontevea, esporóns do monte de Meda en descenso cara o Ulla, a 300 m. do ferrocarril nunha meseta de 45 m. de altitude. A súa forma era de polígono irregular e 170 m. de diámetro. O peche era mediante muro de pedras e muralla de terra, de seis metros sen parapetos. Diante tiña un foxo de tres metros de ancho e un de profundidade, o descenso cara ao río servía de terraplén.

- Castro Valente, a cinco quilómetros ao nordeste de Iria, entre as aldeas de Confurco e Barcala. Conserva unha boa parte da súa muralla de 2,5 m. de ancho, robusta fortaleza que puido ser campamento romano, na que de feito hai unha ara no centro.

- Castro da Rocha, en terras de Padrón, pero á outra beira do río Ulla.

Nos arredores localizamos os restantes oito castros, tres no municipio de Pontecesures, o castro de Cessuris en Requeixo, o castro de Porto en Campaña e o castro de Cortinallas na cima do monte de Porto. No municipio de Rois, outros tres castros, o castro de Socastro na parroquia de Hergobo, o castro de Picadizo na parroquia de San Xoán de Buxán e o Castro de Oín

na parroquia de Santa María de Oín. No municipio de Dodro coñécense dous castros: o castro de Traxeito, preto de Pexegueiro; e o castro de Imo, na parroquia de San Xoán de Laíño.

Asentamentos, linguas, cultura

Os celtas son un pobo indoeuropeo procedente da Europa central, entre os ríos Danubio, Rhin e Ródano. Desprazáronse empurrados polos romanos, 600 anos antes de Cristo, cara ao sur ata o Atlántico, seguindo o camiño das estrelas, a Vía Láctea.

Os celtas asentaron en terras pobres da costa acantilada atlántica, zonas chuviosas, de lagos, ríos, bosques, nos estados hoxe coñecidos como Reino Unido, Irlanda, Francia e España, formando as nacións celtas de Irlanda, Escocia, Gales, Cornualles, Illa de Man, Bretaña (as que pertencen á Liga Céltica, por ter idioma celta) e Galicia, con asentamentos menores noutros lugares como Portugal, Normandía, Asturias, Cantabria ou León.

As súas linguas son de orixe celta, agás o galego, de orixe latino, ao se perder o idioma celta na romanización, aínda que quedaron palabras de raíz celta como: beizos ou galego (referido a pobo).

Cultivaron a terra, atenderon o seu gando de ovellas e vacas, pescaron e consumiron

marisco pelexando co mar, as súas bebidas eran a sidra das súas maceiras (Asturias e Cornualles), a cervexa, a augardente (en Galicia) e o whisky (en Escocia).

Os instrumentos musicais máis empregados foron: a gaita (en Escocia, Irlanda, Bretaña, Asturias e Galicia), a arpa, o violín, a lira e a guitarra.

Os celtas adoraban a natureza, o sol, o bo deus era Dagda, a deusa nai en Irlanda era Dana (a igrexa cristianizouna como Santa Ana), as árbores, os bosques, as pedras. Era un pobo guerreiro, forte, debido a coñecer a metalurxia do ferro para fabricar espadas.

Os celtas nunca chegaron a ser un reino único. Tan só Irlanda conseguiu ser un estado independente, as demais nacións lograron un maior ou menor autogoberno. Galicia conseguiu unha grande autonomía, Escocia unha autonomía forte, Gales unha Asemblea Nacional, pero Cornualles e Bretaña non teñen ningunha autonomía.

Tampouco as nacións tiveron un líder único, cada líder era o do seu asentamento, sen nomear un común en cada nación. Hoxe os partidos nacionalistas das Nacións Celtas piden en cada estado unha maior autonomía, tanto política como social e económica.

Non obstante, o que si perdura é a súa cultura, mitos ou costumes: nacións celtas unidas polo seu folclore, a súa música, os seus bailes típicos, os xogos deportivos, reunións, certames, festivais ou competicións entre elas. Atopamos festivais de música celta en Lorient (Bretaña, Festival Intercéltico, dez días en agosto), Ortigueira (Galicia, Festival Internacional do Mundo Celta), Dublín (Irlanda, TermonFeckun, en xuño), Glasgow (Escocia, vinte días en xaneiro, desde 1993), Quimpeur (Cornualles, en xullo), Edimburgo (festival Dun Eidean), onde actúan conxuntos como The Chieftains de Irlanda ou Luar na Lubre, de Galicia e gaiteiros como Carlos Núñez (Galicia) ou Hevia (Asturias).

Competicións deportivas como o Campionato de Fútbol Celta, a Celtic Cup (xógase coas mans e os pés), Pro 12 Rugby, Campionato Celta de Golf etc. Curiosamente as nacións de Escocia e Gales teñen seleccións nacionais de fútbol e rugby que compiten nos campionatos de Europa e do mundo.



Nacións Celtas

As consideradas nacións celtas son Irlanda, Escocia, Gales, Cornualles, Illa de Man e Bretaña. Todas elas pertencen á Liga Céltica e teñen un idioma común procedente do celta: o gaélico. Outra nación celta é Galicia; o seu idioma, o galego, procede do latín.

Irlanda

Eire na súa lingua gaélico irlandesa. A única nación celta que logrou alcanzar un estado independente. A nación máis católica de Europa, o seu patrón é San Patricio, catolicismo introducido por San Kevin.

Monumentos megalíticos como as tumbas prehistóricas vemos en Atha.

Escocia

Alba en gaélico escocés. Estiveron sen Parlamento propio desde 1707 ata 1997. Escocia loita por conseguir cun referéndum nas urnas a súa independencia. Considéranse primeiro escoceses antes que británicos. O seu partido nacionalista é o SNP (Partido Nacionalista Escocés). Nas súas terras altas, Highlands, fálase o gaélico.

Son coñecidos polo seu whisky, os seus lagos, o castelo de Macbeth en Inverness, as súas cidades como Edimburgo e

Glasgow, cos seus equipos *Celtics* e *Rangers*, de seguidores protestantes e católicos.

A meirande parte da súa historia está chea de loitas contra Inglaterra onde afirmaron a nacionalidade escocesa, como as guerras de Robert de Bruce.

O seu heroe foi William Wallace. O sheriff de Lanark mata á súa dona. Wallace gaña varias batallas aos ingleses, finalmente derrotado por Eduardo I de Inglaterra, aliado coa nobreza escocesa na batalla de Falkirk. Eduardo ordena desmembrar o seu corpo e envialo ás cidades rebeldes.

Un país de costas perigosas, mar bravo, ondada, ventos, montañas. En 1970 descubriuse petróleo nas súas augas.

Gales

En idioma galés *Cymru*. Gales dispón dunha Asemblea Autónoma de Inglaterra. O seu partido nacionalista é o *Plaid Cymru* (Partido de Gales).

Gales perdeu a súa independencia en 1282 cando Eduardo I de Inglaterra, igual que cos escoceses, derrotounos. No seu día os galeses tiñan prohibido declarar contra un inglés, os casamentos mixtos ou falar o seu idioma. No norte traballan para conservar o gaélico, falado por un 20%, e as tradicións.

A súa economía baséase na explotación de cincocentas minas de carbón, hoxe só dez abertas, as que tiñan perdas pechadas pola primeira ministra M. Thatcher. Hoxe viven do turismo e o desenvolvemento de empresas tecnolóxicas.

Cornualles

Na súa lingua cónica *Kernow*. Solicitan unha autonomía como Escocia ou Gales. O seu partido nacionalista é o Mebyon Kernow, Partido de Cornualles.

País de brumas, ondadas e restos históricos como Stonehenge, preto de Salisbury (para algúns a tumba de Merlín), Dolmen de Trethevy (casa do xigante) ou os menhires de Men-an-tol (rocha con furado). É a patria do rei Artur e a súa espada, *Excalibur*, de Merlín e a fada Morgana. Hoxe vive do turismo.

Illa de Man

Mannin. O seu idioma é o gaélico Manx. Politicamente ten un réxime especial. Incorporouse á coroa inglesa en 1829. O seu partido nacionalista é o Mec Vannin.

Breña

O seu idioma é o *Breith*. Nun estado centralista como Francia, Breña, sen autonomía, pide algo parecido a Córcega. Existe un nacionalismo bretón que no seu día formou o Exército Revolucionario

Bretón. Hoxe en día substituídos pola Unión Democrática Bretoa.

No *Finis Terreae* francés, dise que garda a tumba de Merlín. En Carnac pódense ver aliñamentos de menhires. Tamén crómlech ou círculos de pedras. A súa economía baséase na pesca, agricultura e turismo.

Galicia

Aínda que non pertence á Liga Céltica, é una nación celta máis e participa en todos os eventos culturais, musicais ou deportivos.

O seu idioma, o galego, é falado polo 90% dos seus habitantes. É a nación celta con máis autonomía. O partido nacionalista é o Bloque Nacionalista Galego, que pide maior autonomía política e fiscal.

Os celtas, chamados *saefes* ou *serpes*, introducen en Galicia o uso do ferro e a cultura *Hallstat*, a cultura castrexa, o seu modo de vida. Un castro é unha fortificación circular arredor de pallozas ou vivendas. Pódense visitar o Castro de Baroña, na provincia da Coruña e o Castro de Santa Tegra, na Guarda, ambos os dous situados en montes preto do mar.

Características comúns aos castros son a súa situación nun outeiro sobre plataforma pechada con muralla de terra e base de pedras, á que se accede

mediante un terraplén con parapetos. Nalgúns casos aproveitaban os regatos da contorna para construír un foxo dianteiro.

Os celtas cultivaban liño, cereais para fabricar cervexa, coas landras tostadas producían pan, pescaban, coidaban gando cabalar e lanar e fabricaban cerámica. Na citania realizaban a metalurxia do ferro, estaño, bronce e ouro. Practican a relixión panteísta, baseada na crenza de que deus é o universo, adoraban a máis de cen deuses como o río, o monte, a árbore ou as pedras.

Os celtas estendéronse por toda Galicia creando 5.800 castros, comunicados entre si mediante a visión directa; non alcanzaron a unidade política aínda que formaron comunidades federadas baseadas na familia.

A súa tribo máis importante foron os ártabros, asentados no Golfo Ártabro, entre Ortigueira e Noia, divididos en lapatianos, brigantinos e nerios. Outras tribos eran os caporos, supertamáricos, presamarcos, cilenos, elenos e grovios.

A economía galega hoxe está diversificada: agricultura e pesca (Galicia primeira potencia europea) representan o 10% do PIB. Industria: téxtil, automóbil, enerxía, madeireira, representan o 53% e os servizos, banca e turismo representan o 37%.

Samhain: o que moitos actualmente coñecen como Halloween

O Samhain das nacións celtas saíu de Europa (Irlanda) a EE. UU. a mediados do século XIX. Regresou a Europa desde EE. UU. coñecido xa como Halloween a finais do século XX.

Samhain é una palabra celta que en idioma gaélico significa “Fin do verán”. Os meses, para os celtas, comezaban coa lúa chea e, coa última lúa chea de outubro, celebraban a súa festa máis importante: o Samhain, inicio do ano novo celta, final das colleitas, o paso da metade luminosa do ano á máis escura.



Os druídas, sacerdotes celtas, dirixían esta festa pagá. Eran mediadores cos deuses Morrigan e Dagda, que tiñan relacións sexuais antes de loitar contra os inimigos dos celtas, cos espíritos dos antepasados que voltaban ás súas antigas casas e coas fadas que volvían para ver se algún home valente as quería. De aí que lles deixasen larpeiradas (semellante a como os nenos piden polas casas co truco-trato do Halloween).

A cultura celta permaneceu na Irlanda medieval e en diversas partes das nacións celtas. Hoxe en día a festa segue a chamarse Samhain en Irlanda, Samaín en Galicia e Halloween en EE.UU. e o resto do mundo.

Irlanda

É o pobo máis católico de Europa. Porén, mantivo moito da cultura celta, empezando pola lingua, o gaélico, a música, os bailes ou as antigas festas. Moita da cultura das nacións celtas foi destruída pola romanización. Igualmente, ao impor Roma o catolicismo nas nacións celtas conquistadas, suprimían os ritos, tradicións e prácticas pagás para impor o dominio romano.

Séculos máis tarde a Igrexa católica foi convertendo moito da cultura celta na súa propia celebración. Así aconteceu co Samhain, que se celebra o 31 de outubro,

convertido pola Igrexa no Día de todos os Santos, celebrándose ao día seguinte, o un de novembro; o día de defuntos é o dous de novembro.

A festa, non obstante, conserva todas as tradicións celtas:

-Culto aos espíritos mortos que volven ás súas casas.

-Cabazas acendidas. Póñense nas portas das casas para sinalar o lugar.

-O truco ou trato. Os nenos piden larpeiradas polas casas.

EE.UU.

A mediados do século XIX, en 1845-49, Irlanda sofre unha terrible fame a consecuencia dunha mala colleita de patacas, o seu alimento básico. Moitos dos seus habitantes tiñan que emigrar aos EE. UU.

Estes emigrantes levan ás súas novas terras de adopción a festa do Samhain, festa de véspera de Todos os Santos. En inglés dise ALL HALLOW´S EVE, mais transfórmase en Halloween.

Curiosamente, o desenvolvemento nos Estados Unidos da festa celta foi total; películas de Hollywood incluídas, e o Halloween regresa ás nacións celtas, a Europa e esténdese polo mundo adiante.

Galicia

Chámase Samaín e mantívose nas catro provincias galegas, pero moi presente en todos os seus ritos en comarcas da Coruña como Padrón, Cedeira, Narón ou Ferrol e na Estrada, Pontevedra. Tamén en zonas próximas de León e Asturias.

Moitos galegos das vilas recordan a súa xuventude coa “Festa das Cabazas”. Cortábaselles a tapa superior, baleirábase o interior, facíanselle os ollos, o nariz, a boca e os dentes. Entón introducíase unha candeia e pola noite púñanse nas portas ou levábanas polas corredeiras para asustar á xente. Nalgunhas vilas, actualmente, celébranse concursos das mellores cabazas.

O truco-trato facíase aínda nos anos vinte, documentado na Estrada. En moitos lugares de Padrón facíanse colares con cordel e castañas cocidas para os nenos, como forma de facer fuxir aos espíritos.

Pero, curiosamente, a moda chegada dos Estados Unidos, volve a Galicia xa como Halloween para a xente nova e trae cabazas de plástico ou vestimentas de espíritos, de defuntos, de zombis etc. que venden actualmente as grandes superficies.

A Festa do Magosto: desde o 1 ao 11 de novembro en Galicia

En Galicia celébranse moitos Magostos, unha fogueira nas ladeiras dun monte ou nunha praza dunha vila ou cidade, ou na lareira de moitas casas rurais. Nas capitais limitáanse a mercar un cartucho de castañas no típico carriño ambulante.

Os romanos trouxeron a Galicia a planta do castiñeiro, unha árbore centenaria, algúns de máis de mil anos, cuxo froito é a castaña, recollida durante o outono.

Por tal motivo celébrase desde tempo inmemorial a Festa do Magosto. Magosto procede das palabras latinas Magnun Ustum, que significa lume máxico, e é que as castañas, o lume, o viño novo, a festa do Magosto están interrelacionados.

Así que entre o 1 e o 11 de novembro, desde a conmemoración de Todos os Santos ao San Martiño, nas vilas de Galicia, Portugal, Asturias, Cantabria e León reúnense familiares e amigos para asar castañas nunha fogueira de leña, enriba ponse unha prancha metálica con furados, ou unha ola grande e alta ou un tixolo, unha tixola con furados, onde se poñen as castañas cun corte para que non estoupen.

Mentres se asan, os amigos reunidos degustan o viño novo, cantan e danzan arredor da fogueira, e poñen cinza na face.

Esta tradición tamén ten raíces das nacións celtas, xa que se espera que os espíritos dos antepasados veñan ás súas casas a quentarse á beira do lume na lareira onde se asan as castañas.

Resumindo:

Celebremos a festa do Magosto; reunámonos coa familia, os amigos e os veciños. Gocemos do extraordinario sabor dunhas castañas asadas con leña, bebamos o viño novo, cantemos e bailemos arredor da fogueira, manchemos a cara con cinza e deixemos o lume aceso para a chegada dos nosos antepasados a quentarse no seu fogar.

Tradicións e costumes celtas: o Cachopo en Padrón, Iria Flavia

Moitas das tradicións e costumes das seis nacións celtas (Escocia, Bretaña, Irlanda, Galicia, Cornualles e Gales) conserváronse en Padrón, terras de Iria Flavia, onde se xuntan os ríos Ulla e Sar.

Mitos, costumes e tradicións, moitas veces asumidas e adaptadas pola Igrexa Católica, que cambiou algunha das súas partes. Vexamos algunhas:

Cruceiros. Recordamos o costume celta de colocar unha grande pedra no cruce de camiños, onde se ofrecía aos deuses a primicia das colleitas. Hoxe en día, a Igrexa

Católica utiliza a pedra como un cruceiro, nalgúns dos cales aínda podemos ver mazarocas de millo colgadas do seu varal.

Lumeiradas, cacharelas. No solsticio de verán os celtas acendían fogueiras para a súa celebración, festa na que se reúnen en diversas partes das cidades, amigos e familias para celebrar o inicio do verán. Quéimanse algunhas cousas vellas como purificación. Tamén é costume dese día poñer sete herbas a remollo á rosada da noite e lavar a cara pola mañá para así espantar ás meigas.

A Igrexa Católica tomou a festa como a noite de San Xoán, conmemoración do seu nacemento.

Samhaín. Outra tradición celta é o Samhaín, noite dos mortos, festa fin de verán, co seu truco ou trato, as súas cabazas con forma de cara cunha candeia acesa no seu interior. Hoxe en día coñecida como Halloween en Norteamérica e así volveu a outros países de Europa. A Igrexa Católica transformouno no día dos fieis defuntos.

Cachopo. Unha tradición celta desaparecida é a do Cachopo: un anaco grande dunha madeira dura, como o carballo, nogueira, castiñeiro, etc. O cachopo poñíase por primeira vez arrimado ao lume da lareira o día de Nadal e así queimando un chisco cada día ata

fin de ano. Cando se apagaba, deixábase nun recuncho da casa.

Cando ao longo do ano aumentaba a tormenta de tronos, raios ou lóstregos, arrimábase o cachopo ao lume da lareira para queimalo un pouco ata que pasaba a tormenta.

Anécdota:

A lareira é unha pedra rectangular de granito utilizada como cociña onde se pon o trespés (unha especie de soporte, meso de tres barras de ferro para soportar a tixola ou tarteira) e debaixo a leña para queimar. A lousa granítica podía estar no solo ou a media altura.

En Padrón o vento sopraba e asubiaba polo oeste, subindo polo río Ulla procedente da ría de Arousa. Era cousa de asustarse ao escoitar o vendaval pensando o que estarían pasando os mariñeiros de Padrón e Cesures.

Entón, co cachopo acendido, a Igrexa Católica estableceu o rezo a Santa Bárbara o día de tormenta:

*Santa Bárbara bendita
que no ceo estás escrita
con papel e agua bendita,
cunha beliña na man
alumbrándolle a San Xoán*

Cara ao ano 1950, en Padrón, empezaron a desaparecer pouco a pouco as cociñas de lareira, substituídas pola coñecida cociña económica de carbón e con isto desaparece o costume celta do cachopo nas terras de Iria Flavia.





porque somos de fiar

lotería
golfiño

Pontecesures

AV. DE AROUSA Nº4 TELF. 986 557 114

BERMA

CANASTILLA - BEBÉ Y LENCERÍA

Rúa Longa, 31
Teléfono 981 81 20 38
15900 PADRON (A Coruña)




CENTRO OPTICO
BRAGADO

- ✓ LENTILLAS DE COLOR
- ✓ LENTILLAS
- ✓ APARATOS PARA SORDOS
- ✓ GRADUAMOS SU VISTA GRATIS
- ✓ DETECCIÓN PRECOZ DE LA TENSION OCULAR

ANGELA L. BRAGADO GRELA
OPTICO - OPTOMETRISTA
Col. n.º 3.877
AUDIOPROTESISTA

C/ Rúa Longa n.º 31
Teléf. 981.81 02 38

15900 PADRON (La Coruña)

EXCLUSIVAS PEREGRINO S. L.

DISTRIBUIDOR DE GOLOSINAS
Y FRUTOS SECOS

VENTAS AL POR MAYOR Y AL DETALLE

Extramundi de abaixo, nº 5 PADRÓN
Tífs. 981 81 08 74 - 981 81 10 90 Fax 981 81 10 90




Begoña Grela Caínzos

ABOGADA

Especialidad en Derecho de Familia
(separaciones, divorcios, liquidación de gananciales...)

CITA PREVIA  676 10 79 78

Rúa Real 20 - 1º D - PADRÓN  981 81 24 77 begogrela@hotmail.com



**Loterías y Apuestas
del Estado**

**ADMINISTRACIÓN
DE LOTERÍAS, N.º 2**

Plaza del Castro nº 6 - Padrón
teléfonos 981 810 561 - 981 803 212



iluminaciones
SANTIAGUESAS

Iluminaciones artísticas e instalaciones eléctricas

t. l. f. 981 548 309
móvil (Miguel) 639 645 510 | 669 822 494
iluminasan@msn.com

Pol. Industrial da Picaraña nº 1
Escravitude
15980 Padrón

ROOMEL

ROO MONTAJES ELÉCTRICOS, S.L.

Teléfono 981 81 21 22
Avda. Compostela, nº 16 bajo
15900 PADRÓN
www.roomel.net

UN MANUSCRITO DO SÉCULO XIX

Ángel Rey Castro

Asociación Cultural Villa Petroni

Transcribimos literalmente un curioso manuscrito, do que temos unha copia, escrita por un veciño de Padrón no século XIX, que son unhas testemuñas nas que fala sobre a construción da nova ponte de Padrón por destrución da anterior tras unha riada, da demolición da Escola de Cristos, en 1854 (un pequeno edificio adosado á igrexa parroquial cara ao cemiterio vello); e dos danos da inundación de 1872.

Sobre a destrución da ponte de Padrón tras unha riada, e a súa nova construción, quéixase de que non se reparase a ponte cando aínda se estaba a tempo, e de que as novas obras van moi lentas:

El puente se contaba fundado por Pompeyo Máximo. Estaba construido en

forma de cajón (refírese, seguramente, á pequena torre que estaba no medio da ponte para cobrar os impostos) y con tal solidez que hubo que (...ilexible) para deshacerlo. Si se hubiera reparado el arco cuando podían, habría podido durar aún cien años. En febrero de mil ochocientos cincuenta y uno volvió a construirse la obra del puente y siguió hasta noviembre. Pudieran trabajar más tiempo, pues el río está sin agua hasta principios de febrero, pero van con calma. Concluyeron, por fin, en mil ochocientos cincuenta y tres.

Sobre o edificio que estaba adosado á anterior igrexa parroquial, cara ao cemiterio vello, escribe o seguinte:

Demolición de la Escuela de Cristos. En mil ochocientos cincuenta y cuatro, por amenazar ruina, se echó abajo un

arco que desde la Iglesia vieja iba a terminar a la casa-escuela de esta villa, formando un espacioso salón que tenía su entrada por la torre de la Iglesia. En este lado estaban guardados los santos y más enseres de la Iglesia, conociéndose de antiguo con el nombre de Escuela de Cristos sin duda porque allí debieron haber aprendido a deletrear nuestros abuelos.

Publicamos un detalle do debuxo de Padrón feito en 1669 por Pier M. Baldi, no que se ve a Escola de Cristos, á esquerda da anterior igrexa parroquial, xunto coa desaparecida Torre Moucha, e a anterior ponte sobre o Sar, coa caseta para cobrar impostos que tiña no medio, ás que fai referencia o manuscrito.

E sobre as inundacións do ano 1872, escribe o seguinte:



El día veinte y siete de noviembre de mil ochocientos setenta y dos, hubo tan grande avenida a consecuencia de un fuerte temporal que el agua llegó en esta casa de la Rúa Longa a cubrir la primera escalera. En las calles del Rejoj, Pescadería Vieja, Rúa Nueva, Plaza del Hilado y Sto. Domingo, entraba el agua por los tableros y amenazaba entrar

por las ventanas. Una lancha salvó a 22 personas que se había subido al tejado de las casas de frente al río en la Trabanca, donde llaman El Ribeiro.


No hubo que lamentar desgracia personal ninguna pero en cambio hubo muchos intereses perdidos entre los que se encuentran treinta mil pesos

de desperfectos en la vía férrea, cinco mil pesos de murallas caídas y molinos derribados. Diez mil pesos en que se calcularon los deterioros del camino vial desde Cesures a Iria y desde la puerta del Rejoj al camposanto.

Los sembrados (continúa ilegible) y no hubo comerciante en Padrón a quien no le hubiese cogido algo la dichosa avenida.

Ha sido una de las más grandes inundaciones de que se tiene memoria y la más perjudicial por los deterioros causados por los grandes aluviones que bajaron de los montes.

Amosamos unhas imaxes das inundacións de Padrón no século XIX, tomadas da revista La Ilustración Gallega y Asturiana.



SALON
DE
BELLEZA



Rosa Mary

Tlf. 981 81 14 66

R/ Real 21 Entreplanta 15900 PADRÓN



Lingoriña

GABINETE LOGOPEDIA
Y PSICOLOGÍA

Nerea Tourís Tubío

LOGOPEDA COLEGIADA 15/377

Tlf. 628 723 959

lingorinalogopedia@gmail.com

Avda. de Pontecesures nº 1 -2 izq. 15900 PADRÓN



JACK & JONES

ONLY & SONS
EST. 1981

VERO MODA

JACQUELINE de YONG

 **tiendaspillados**

BOIRO - CANGAS - CARBALLO - CEE - PADRÓN - RIBEIRA



patronus
ASESORÍA
CONTABLE - FISCAL - LABORAL

Alfonso Fernández Pérez
Economista
Colegiado nº C5513

Rúa Enlace Parque 2, Bajo Izq.
15900 Padrón (A Coruña)

e-mail: asesoria@patronus.es
Tel: 881957392 - 665807253



Rosacel

c/Juan Carlos I Galerías Dorna
Vilagarcía de arousa
Pontevedra
Cp.- 36600

Extramundi de Arriba
Padrón A Coruña
Cp.-15910
Móvil- 675 73 14 19
Tel.986 18 61 74



Energía verde

VENTA E INSTALACION DE ESTUFAS Y
CALDERAS DE BIOMASA

ILUMINACION LED

ELECTRICIDADE

FONTANERIA

CALEFACCION

Servicio técnico propio



Tu taller de
confianza

PAZOS MOTOR
TALLER DE AUTOMOCIÓN

Polígono de Pazos
Calle Circular Sur, nave 31
15900 PADRÓN (A Coruña)
pazosmotor@gmail.com

Tfno. Taller: 981-812-262
José Ces: 671 264 003
César Castro: 671 264 001

O FORNO DE VELO

Rúa Longa - 24 - Padrón 981 811 345

Rúa Ferreiros nº 8 (Praza das Travesas) 15900 Padrón (A Coruña) **LUNS PECHADO**
 @almôresdepadrón @gratizoro Familiardepadrón @almôresdepadrón Tlf: 665 153 889

Vicente Domínguez Fernández

Plaza de Marcos S Baja
 Padrón
 www.vicentedominguez.pro
 Tlf 981810953 / 677733573

Reportajes de Inúe, Comunitán y Basfiro
 Revelado Digital

OLIVEIRA

Fernando Castaño

“Os recordos, son ecos das etapas do tempo vivido
Convertidas en doces imaxes indelebles
As pegadas que perpetuaron a amizade e o agarimo
Selando a lume estes momentos memorables...”

Á miña vida, ocorrícheslle ti, como recordo de amigo
Calando coa túa presenza polos instantes da miña mocidade
Onde estaban as vagas horas do lecer, que ocupadas comigo
Transcorrían como frenéticos instantes, por onde reinabas ti.
Un bar Flavia para as horas mortas que todos venciamos,
Espertas por ti, e o teu constante afán de enriquecelas...
“Eran outros tempos, unhas idades hoxe cargadas de nostalxias,
Eran outras distintas e maravillosas maneiras de divertirnos...”

¡Grazas a ti, grazas o meu lembrado amigo Oliveira!





Bustela

SERVICIO DE AUTOCARES

Teléfono: 981 80 40 00

Fax: 981 80 00 65

www.autocaresbustelo.es

info@autocaresbustelo.es

Polígono de Pazos - Padrón (A Coruña)



SUMITESA
.com

Parque empr. de Pazos, 36
15917 Padrón
(A Coruña)

T. 981 50 98 09

F. 981 10 41 71

sumitesa@sumitesa.com



Motos

J. COSTA



Servicio Oficial:

KAWASAKI - HONDA - SUZUKI
YAMAHA - DUCATI - TRIUMPH

GRAN SURTIDO EN BOUTIQUE
SERVICIO DE RECOLLIDA

Rúa do Carne, 65
(frente o instituto)
PADRÓN

981 811 515
626 228 916

PADRÓN - 981 811 635

MUNDOS

Cafeteria *Restaurante*



Servicio Técnico

www.casagrobas.com ☎ 981-81 01 52 ✉ info@casagrobas.com



CONSTRUCCIONES
SECO MATO S.L.

secomato@wanadoo.es

Móvil 660 42 50 96 • Tel y Fax 981 81 01 31

Fonte Vilar, 6 Bajo • 15981 LESTROVE • DODRO

CARNICERIA
COUSO 
CHARCUTERIA

Avda. Compostela, 55 bajo
15900 PADRÓN (A Coruña)

Tfno. 981 81 08 89
Móvil 636 47 39 48



HOTEL ROSALIA

TODAS SUS HABITACIONES DISPONEN DE:
TV. SATÉLITE, CALEFACCIÓN,
TELÉFONO DIRECTO, HILO MUSICAL
Y BAÑO COMPLETO
CAFETERÍA Y RESTAURANTE
SALÓN SOCIAL



Rúa Maruxa Villanueva, s/n
Teléfono 981 81 24 90 - Fax 981 81 24 92
15900 PADRÓN (La Coruña)

ERAN OUTROS TEMPOS NO SAR

José Castro

Cronista

Padrón coas tradicionais festas da Pascua, o Santiaguíño do Monte... as grandes festas na capital do Sar. E as súas parroquias coas festas patronais de cada lugar: Herbón, con San Antonio e San Bieito; Carcacía, coas de San Pedro; Cruces, coas do Rosario e as da Nosa Señora da Escravitude... Pero Iria Flavia, a de Santa María A Maior, Sacramento, San Roque e tantas outras ás que se sumaban os fregueses da Ponte, eran algo especial na comarca. A xuventude sentía sempre especial predilección polas festas de Iria. E como adoita dicirse sempre que é mellor recordar que esquecer, imos pois lembrar aquí algo do pasado que pode, tal vez, espertar un pouco de curiosidade, sobre todo para moitos mozos de hoxe.

Aquelas festas, alá polos corenta ou cincuenta, nas que sempre destacaban as bandas de música para os concertos de mediodía, nos que rivalizaban os de Iria e os da Ponte, esa rivalidade que se convertera en tradicional e, seguido o

concerto, aquelas extraordinarias sesións de fogos que atronaban o espazo por longo tempo e que parecían non acabar.

Xa de tarde e noite, as mellores orquestras de Galicia, de grata recordación: *Orchestra X*, *Los Satélites*... amenizaban unhas extraordinarias e multitudinarias verbenas que utilizaban como pista de baile o tramo da N-550 e, cando circulaba algún automóbil, de cando en vez, as parellas de baile deixábanlle paso. Algo entón impensable que se chegaría ao de hoxe en día.

Tempos nos que se xogaba ao fútbol no Campo da Torre, onde hoxe está instalado o colexio Rosalía de Castro, e nos que para practicar outros deportes como a natación, á mocidade non lle quedaba máis remedio que acudir no verán ás refrescantes augas do río Sar. Alí onde o curso do río ofrecía xeitosos meandros ou algunha que outra presa, tales son os casos do Remol, á altura

da zona do Bordel, ou a Presa, fronte a Estramundi, onde hoxe se traspasa parte da auga do Sar para a actual canle de derivación. Abaixo no Souto e na curva fronte a Lestrove, e ata no Trozo, ao pé da N-550, entre Padrón e A Ponte, eran algúns dos puntos máis utilizados para ir nadar. A ninguén se lle ocorría pensar, nin aos máis optimistas, na posibilidade dunha piscina baixo teito e climatizada, dentro dun complexo polideportivo, como actualmente se dispón en Padrón e na que aprenden a nadar e a practicar tal exercicio deportivo desde nenos de curta idade ata maiores e xubilados.

Todo isto que intentamos reflectir pertence a un pasado aínda non tan afastado, pero como reza o título deste artigo, eran outros tempos, e os adiantos e progresos, afortunadamente para todos, aí están.



Río Sar ao seu paso por Padrón

TV DIGITAL • ELECTRODOMÉSTICOS • INFORMÁTICA
 AIRE ACONDICIONADO • FRÍO INDUSTRIAL
 MAQUINARIA PARA HOSTELERÍA • INSTALACIÓN Y MANTENIMIENTO
 SERVICIO TÉCNICO • PRESUPUESTOS Y PROYECTOS

NÚÑEZ E HIJOS
 INSTALACIONES Y SERVICIOS

MASTER
 CADENA


mnunezehijos@telefonica.net

PLAZA DOLORES, 8
 Telf./Fax: 981 810 508
 PADRÓN


RUA REAL, 2
 Telf./Fax: 981 812 444
 PADRÓN

CRISTALERÍA
PADRONESA

DEJANDO HUELLA
 1984



SGG CLIMALIT® PLUS

Visítanos en:
 Escravitude, Padrón - A Coruña ☎ 981 803 519
www.cristaleriapadronesa.com - info@cristaleriapadronesa.com
 síguenos en facebook 



M.^a JESÚS GARCÍA VÁZQUEZ

CLÍNICA DENTAL

Odontología
general

Prótesis

Estética
dental

- Odontología general
- Prótesis
- Ortodoncia
- Estética dental
- Cirugía e implantes
- Radiología digital



M.^a JESÚS GARCÍA VÁZQUEZ
CLÍNICA DENTAL

Tfno. 981 811 832
C./ Rosalía de Castro, N° 20
15900, Padrón, A Coruña

N° Colegiado - 596
N° Registro Sanitario - C15002206

Ortodoncia

Cirugía e
implantes

Radiología
digital

Miembro de la Sociedad Española de Ortodoncia - SEDO

www.clinicamariajesusgarcia.com



RESTAURANTE

Gran Chaparral

**ESPECIALIDAD EN COMIDAS CASERAS
ALQUILER DE HABITACIONES**

Pazos porta dos mariños
Telf. 981 81 06 09 - Móvil 637 562 516

TALLERES R. CASAL S.L.



TALLER DE REPARACIÓN MULTIMARCA

- ✓ REPARACIÓN GENERAL DEL AUTOMÓVIL
- ✓ VENTA DE VEHÍCULOS DE OCASIÓN
- ✓ DISPONEMOS DE VEHÍCULOS DE SUSTITUCIÓN
- ✓ VENTA Y REPARACIÓN DE MAQUINARIA AGRÍCOLA Y DE JARDINERÍA
- ✓ REMOLQUES DE TODO TIPO Y A MEDIDA
- ✓ ENGANCHES DE REMOLQUE PARA COCHES

Tlf. 981 811 154 / 649 625 813
www.tallerescasal.com

Talleres R. Casal S. L.
Pazos-**Padrón**

Servicio permanente de tanatorio

Atención personalizada por personal cualificado

Trámites y gestiones tras el fallecimiento

Traslados nacionales e internacionales

Incineraciones

Tanatopraxia y tanatoestética

Embalsamamiento y conservaciones transitorias


Exhumaciones de restos

Lápidas e inscripciones

Esquelas y recordatorios

Coches de acompañamiento

Floristería



POMPAS
FÚNEBRES
DE PADRÓN

Tanatorio Iria Flavia

Tanatorio Municipal de Valgo

Iria Flavia, 132
15917 Padrón
A Coruña

Tel. 981 81 10 10
Fax. 981 81 15 54

atflavia@
pompasfunebresdepadron.com

pompasfunebresdepadron.com

BANDA MUNICIPAL DE PADRÓN

Eduardo Rivo

Galiza é vizosa en bandas de música que abrochan nese ermo que se estende dende o folclore até a música alcumada “culta”. Non só custodian unha tradición de noso, senón que tamén estean as composicións dos novos creadores e desenvolven unha tarefa educativa inestimable: ensinan música, pero tamén valores coma o esforzo, disciplina, respecto, compañeirismo e colaboración...

A Banda Municipal de Padrón, cunha dilatada traxectoria, vén de completar agora unha década baixo a batuta do mestre Braulio Cao Ledo, motivo de celebración para todas as padronesas e padroneses.

A banda é un elemento esencial das nosas festas da Pascua, xa desde os actos litúrxicos da Semana Santa. Concertos e pasarrúas animan Padrón durante estes días sinalados, pero non só, tamén asume ao longo do ano outras tarefas como a

organización do festival de bandas *Capital do Sar* ou a participación en actos oficiais, xa na propia vila, xa representándoa noutras localidades irmás coma Rianxo ou Compostela. En definitiva, leva o nome de Padrón por toda a xeografía galega, animando festas e romarías populares, compartindo escenario con outras bandas e artistas e mesmo proclamándose vencedora do IX Certame Galego de Bandas de Música.

Felicitemos, pois, a estes valentes mozos e mozas que nos aledan na nosa vila e nos representan fóra dela. Apoiemos a nosa banda. Gocemos con todas as nosas forzas da Banda Municipal de Padrón.





CARNIZARÍA



Manolete

Praza de Abastos - 15900 Padrón
 Telf.: 981 81 09 10 - Móvil: 659 84 96 90

RESTAURANTE

Fogar de Breogán

ESPECIALIDAD EN CARNES Y PESCADOS

PAZOS - Teléf. 981 81 11 34
 PADRON (La Coruña)

Dr. Angel Lucas Lucas

MEDICO

Avda. Pontecesures 13 - 1º I Teléfono: 981 81 13 36
 15900 PADRÓN Móvil: 629 74 52 70



PADRÓN
 É SEMPRE
 UNHA BOA
 IDEA



Expendiduría Nº1
 Plaza del Castro 5 - Padrón
 Tel.: +34 981 811 617
 estanco@sagrario.es

NUEVA TIENDA ONLINE



TIENDA Y RESTAURANTE

Avda. de la Estación, 9 Bajo
Telf. 670 55 99 44
15900 PADRÓN
info@osecreto.com

www.osecreto.com

VINOTECA

TAPERIA

Rúa Real, 25
15900 PADRÓN


CAFE3AO
TABBAR
AICLIA@GALICIA

AVDA. COMPOSTELA, 32 - 15900 PADRÓN
TELF. 663817376



Porta Fondo da Vila, 4 - Padrón



- MECÁNICA RÁPIDA
- NEUMÁTICOS
- FRENOS
- AMORTIGUADORES
- DIAGNOSIS
- ALINEADOS DE DIRECCIÓN
- CARGA A/A
- ACEITES

AV.COMPOSTELA N°11
PADRÓN 15900
A CORUÑA

TLFNO: 981811551

AS MONTEAS INÉDITAS DA CAPELA DE ALONSO DE LA PEÑA RIVAS Y MONTENEGRO, BISPO DE QUITO

Xosé C. Beiró Piñeiro

Cando nos adentramos no complexo mundo da investigación histórica temos que ser conscientes de que, ás veces, os resultados son froito tanto do coñecemento e dominio duns métodos e técnicas de traballo como da casualidade, do azar ou da fortuna. Así, un parágrafo nun documento esquecido, unha inscrición inédita ou unha nova fonte de luz que ilumina un espazo dan lugar a descubrimentos inéditos.

Partindo desta premisa moitos dos monumentos presentes nestas Terras de Iria gardan datos, referencias, noticias ocultas, que só ven e verán a luz grazas á persistencia dos investigadores.

Deste xeito, cando entramos na igrexa de Santa María a Maior de Iria Flavia, cómpre dirixirse á capela de San Ildefonso, tamén chamada do bispo de Quito, D. Alonso

de la Peña Rivas y Montenegro; insigne persoeiro destas terras que, en 1660, xa canso da súa estadía polas terras de Quito, comeza a preparar a súa volta á terra natal. Para organizala encargou ao seu sobriño, D. Francisco San Mamed de la Peña y Montaos, varias encomendas, entre elas: a reconstrución do seu pazo, -o famoso pazo de Quito-; a fundación de varias obras pías e a edificación dunha capela na igrexa de Iria onde repousarían os seus restos.

Esta capela, construída en 1666 polo mestre de obras D. Melchor de Velasco, está situada no lado da epístola, e nela podemos visualizar non só a súa suntuosidade, senón a existencia de pequenos misterios que escapan aos nosos ollos. Estes enigmas non están nos lenzos pétreos, nin na cúpula, nin no retablo. O ignoto, o descoñecido está baixo os nosos pés. Alí sobre as pedras, iso

si, coa axuda dunha potente luz, podemos visualizar un gran conxunto de rectas, arcos, círculos, tanxentes, secantes... Son debuxos que reciben a denominación de monteas. Estes debuxos, realizados a tamaño natural sobre os chans e as paredes dos inmobles, veñen utilizándose na construción en pedra desde tempos remotos e eran o instrumento que usaba o mestre construtor para indicar aos canteiros os cortes a realizar nas pedras, e así obter a pedra desexada. Con este procedemento, creábanse con gran precisión as pezas que conformaban cada elemento arquitectónico e a súa disposición, o que permitía controlar mellor a execución e evitar os erros.

Estes debuxos ou trazas, presentes noutros monumentos como o mosteiro de Santa Clara en Santiago de Compostela, Santa Columba de Carnota, San Telmo en Tui, na fachada da Acibecheira..., efectuábanse

sobre a pedra dos propios monumentos, o que provocou ben a súa desaparición pola súa posterior reutilización ou ben quedaron plasmados como testemuño da historia.

A identificación das monteas e as súas medicións permitirán elaborar un plano conxunto de todas elas e mediante os diversos medios técnicos coñecidos -fotogrametría, distanciómetro láser, estación total...-, relacionalas, ben pola súa proximidade e localización, cos variados elementos arquitectónicos existentes na capela de San Ildefonso, ou ben con outros elementos da propia igrexa, xa que no proceso construtivo da capela reaproveitáronse os materiais existentes. Amais, poderase lograr a súa identificación e posta en valor, e así reivindicar a importancia tanto da figura de D. Alonso de la Peña Rivas y Montenegro e os seus sobriños, D. Juan Domínguez Fabeiro e D. Francisco San Mamed de la Peña y Montaos, como da antiga sé episcopal, a igrexa de Santa María a Maior de Iria Flavia.





**CARPINTERIA
EN GENERAL**

PUERTAS - COCINAS - PISOS
ESCALERAS - PASAMANOS
ARMARIOS EMPOTRADOS
CABINA DE BARNIZADO
MUEBLES A MEDIDA

**PIDANOS PRESUPUESTO
SIN COMPROMISO**

EXTRAMUNDIS/N PADRÓN (La Coruña)
TELF.: 679 176 527 / FAX: 981 81 15 22
carpinteria.buxaina@hotmail.com



Peluquería
**María
Teresa**

Fondo de Vila 6 - Baixo (Padrón)
Tef.: 981 81 05 13

Camden Town
Style woman
ONLY&VILA-Clothes

Plaza de Macías n.º 10.
15900 PADRÓN (La Coruña)
Tfno. 981 81 06 51




**Peluquería
de caballeros**

Amado



TELÉFONO 619 94 25 72
Enfrente al Parque Infantil
PADRÓN



TRANSPORTES ESPECIALES GRUAS PEQUEÑO Y GRAN TONELAJE SERVICIO PERMANENTE



OFICINAS:

ESCLAVITUD- Tel.: 981-80 35 60 FAX: 981-80 35 58

SANTIAGO (Pol.del Tambore Tel.: 981-50 98 06

PONTEVEDRA- Tel.: 649 90 14 00

<http://www.gruasestacion.com>

GRUAS ESTACION



Carrais

TALLER DE CHAPA Y PINTURA

Antonio Rodriguez Rodriguez

Lg. Horta s/n. - Iria Flavia
15917 PADRÓN (A Coruña)
Tel. 981 81 18 18 - Móvil 686 94 82 63
chapisteriacarrais@gmail.com



TOYSA



TODO PARA EL
BEBE - CANASTILLA

ROPA INFANTIL
DE 0 A 14 AÑOS

LENCERÍA

RUA REAL, 21 - BAIXO
TELE 981 81 29 43 - 15900 PADRON



Asociación **AMIPA**

📍 Campo do Souto s/n - 15900 Padrón

📍 Centro Ocupacional: Reitoral de San Tomé de Sorribas, 2-15980 Rois



GRUAS UZAL (AUXILIO EN CARRETERA 24 HORAS)
Pedreda, 46 PADRÓN // Tf. 981 811 857 // 608 982 099

MANUEL BARROS: POETA DE PADRÓN, POETA EN GALEGO

Anxo Angueira

Nin na vida nin na historiografía cultural galega tivo sorte Manuel Barros. Morreu en Sevilla en xaneiro de 1885, aos corenta anos, na súa viaxe de vodas con Paula Florido y Toledo, deixando unha filla póstuma: Manuela. Toda a súa obra social, política, xornalística e literaria, desenvolta maiormente na emigración, nin é coñecida nin ten consecuentemente recoñecemento.

Manuel Vázquez Castro, que asinaba como Manuel Barros, nacera na Trabanca, o barrio padronés da outra banda do río Sar, en febreiro de 1844. Emigrante, escritor e xornalista, estivo en Cuba, Estados Unidos e na Arxentina. É coñecida a súa relación con Murguía e Rosalía de Castro: el foi quen lle editou entre 1882 e 1883 en *La Nación Española* de Buenos Aires, xornal que dirixía e do que era propietario, boa parte do que despois sería *En las orillas del Sar*. Nesa obra está a Trabanca de Barros,

pero tamén a Presa e mais Fondós, topónimos que el citara nos seus *Ocios de un peregrino. Apuntes de viaje* (1875). É conmovedor o momento en que describe nos seus inéditos *Apuntes de Viaje* (o orixinal autógrafo foille cedido á Fundación Rosalía de Castro por Camilo Agrasar) a visita que lle fai á nosa escritora na Matanza e a dedicatoria que esta estampa nun exemplar de *En las orillas del Sar*: “Sin La Nación Española tal vez no se hubiese escrito”. Dóese da grave enfermidade da escritora sen saber que el morrería aínda antes.

Manuel Barros desenvolveu unha dilatadísima obra xornalística en múltiples revistas e diarios, nos que colaborou e, algúns dos cales, tamén dirixiu. Xa apuntamos aquí que é autor de dous libros de viaxes, pero tamén foi poeta. De feito, inclúe algúns poemas neste tipo de libros e algúns máis podemos localizalos en xornais e revistas, como a súa *Oda a los Héroes de Puente*

Sampayo. Pero sempre se ignorou que fose poeta en galego, como acabamos de descubrir nun exemplar do bonaerense *Álbum de la Caridad* de 1877 a beneficio do Hospital Español planificado pola *Sociedad Española de Beneficiencia*. Pénsese que Manuel Barros participou na fundación do *Centro Gallego de Buenos Aires* moi pouco despois, en 1879, e foi o seu primeiro presidente.

Di así o poema:

Lembranzas e Soedades

*A veces, cando as doores
Que feras mórdenme ó peito
Me rinden no probe leito
Qu´allea terra me dou:
Cando do sono os feitizos
Que fan esquencer as mágoas,
Sécanme as sentidas bágoas
Que ó meu pesar m´arrincou:*

Nesta terra americana
Queda ó meu corpo durmindo
Mentras á yalma, fuxindo,
Voando vay sin lecer;
Por riba dos fondos mares
Voando vay de carreira
Hasta na verde ribeira
Da miña terra se ver.

E pousase na cima d´ un levantado monte,
Nas penas en que onte c´ o corpo se mirou;
E tende olladas tristes pol á veiguiña verde,
Veiguiña que se perde nos montes de Luou.

Veiguiñas enmeigadas cruzadas por fontañas,
Que tantas mañanciñas ben cedo atravesey;
E escoita nos loureiros cantar as aves ledas
E mira as alboredas en donde m´ eu criei.

Cos seus pintados barcos, cas suas cen casiñas
Cal pombas tan branquiñas á Ponte ó léxos vé;
Sentada xunt´ un río, que sebor froles rola,
Contempra n´ él, á tola, tan linda como é.

Montón de casas vellas alá mira Lestrobe,
Que, véndose tan probe, parece que se doy:

Porqu´ antes fora rica, moy noble e moy señora...
Por eso á triste chora pensando n´ ó que foy.

E vé, do val no médio, Padron, vila querida
Sultana que durmida na verde alfombra está;
Bandada de colombas que xoga cas ondiñas
Tan craras é mansiñas que leva ó probe Sar.

Padron, vila encantada, praiso dos amores,
Terriña donde frores se ven inverno é bran;
Campiños nunca secos, lamedas tan sombrisas,
Por onde as máinas brisas decote rindo van.

En donde hay unhas nenas com´ ánxelos dos céos,
Que fan nacer deseos é espallan ilusiós..
¡Anaco de Galicia! S´ Eden houbo na terra,
O Eden en ti s´ encerra, ou non ó fixo Dios!

Almiñas desterradas qu´ estádesme escoitando,
Almiñas que chorando sabedes lembrar,
Cos bicos que n´ o berce nos dá unha nay querida,
A pátria xa perdida, -deixádeme chorar!

II

Mais ¡ah! que ´ aquelas verdes veiguiñas
E as aldeñas que vendo está,
E aquelas fontes tan xemedoras,
E as voadoras brisas do val;

A yalma lembran dias millores
Que fuxidores pasar xe veu,
E Il ´ envivecen, cas lembranzas,
Mil esperanzas que xa perdeu!

E ferida á miña yalma
Nas memorias máis queridas
De venturas que perdidas
Xa mirou na eternidá;
En compañía dos airiños,
As aliñas despregando,
Coitadiña, ven voando,
Ven voando para acá.

Podemos incluír o poema dentro da tópica da emigración e do desterro. Non falta mesmo unha clara referencia a un poema de temática similar en Rosalía de Castro: “alboredas en donde m´ eu criei”. Na lembranza da terra natal aparece o seu Padrón e mailo seu Sar, pero tamén a xeografía da Terra de Iria que cita noutras pasaxes da súa prosa de viaxes. Neste caso os montes de Luou, no veciño Teo; a aldea mariñeira da Ponte (“cos seus pintados barcos”), á beira do Ulla; e tamén Lestrobe, aldea na que Barros visitaba nas Torres da Hermida, sempre que podía, a José de la Hermida, amigo desde a infancia.

Cada vez sabemos máis de Manuel Barros e cada vez é máis nítido o seu perfil de figura de extraordinaria relevancia para a cultura galega contemporánea.



BAR ROSALIA

TAPAS VARIADAS

Teléfono 981 81 21 44
A MATANZA - PADRON



PLAZA RAMÓN TOJO - 15900 PADRÓN - TFNO. 981 81 24 29



VENTANAS Y PUERTAS
FACHADAS
PROTECCIÓN SOLAR
PANEL COMPOSITE
MAMPARAS DE BAÑO
CRISTALERÍA
PORTALES



ALUMINIO Y PVC
DOPAZO

T 981 810 519
F 626 979 363

Velar Nº100 - Extramundi
15910 PADRÓN (A Coruña)

www.dopazoaluminio.com
aluminio@grupodopazoaluminio.com



CONFITERÍA



KeKo

Avenida de Compostela, 12 - Telef. 981 810 613
PADRÓN

Café Bar
A Milagrosa
Restaurante

PENSIÓN
CASA ALFONSO
PenSIón completa x x x

RACIONES
BOCADILLOS
HAMBURGUESAS
SANDWICHES
PLATOS COMBINADOS

Menú
del día

COMIDAS A GRUPOS

PICARANA, PADRÓN
☎ 981 80 31 19
☎ 616 26 62 66
🏠 981 80 31 08

Construccions
Xelacal s.l.

Porta Fondo de Vila, 8 - 2º
15900 PADRÓN (A Coruña)

Tlno./Fax: 981 810 432
Móvil: 630 427 934

OS CARRISOS
Restaurante

Rúa Real, 35 - PADRON
Telf.: 629 820 491



UFATEC

SOLUCIONES TECNOLÓGICAS
981817029 www.ufatec.com

CENTRALITAS TELEFÓNICAS
INFORMÁTICA / WIFI
REDES DE VOZ-DATOS
FIBRA ÓPTICA
FOTOCOPIADORAS
RELOJES DE CONTROL
MEGAFONÍAS
TECNOLOGÍAS LED
VIDEOVIGILANCIA
MOBILIARIO Y MATERIAL DE OFICINA

info@ufatec.com



LG - **NORTEL** Alcatel-Lucent



Centrali C/ Transversal Sur, 41 - L1. Polígono Ind. Pazos. 15917. Padrón.

INSTALADOR OFICIAL:

Panasonic Televes

ideas for life

Tienda: Avda. Vilagarcía, 21. 15706, Santiago de Compostela.

DISTRIBUIDOR OFICIAL:

Ges

Gas Instalación



TRANSPORTES y LOGÍSTICA

FREIRE

C/.Transversal Sur, 41. Pol.Ind. Pazos
15917 Padrón (A Coruña) ESPAÑA
transportes@freire-c.com

Tif:+34 981 810 701 • Fax:+34 981 810 062

**AGENCIA
MORLA**

SEGUROS - LABORAL - FISCAL

C/. Enlace Parque, 6 Bajo - 15900 PADRON
Tfnos. y Fax 981 810 051- 981 810 745
✉ morla@agenciamorla.es

VELOUR *automoción*
SERVICIO INTEGRAL DEL AUTOMÓVIL

T. 981 81 19 90
M. 606 55 91 32

Ctra. de Lestido - Matanza, 59
PADRÓN (La Coruña)

talleresvelour@hotmail.com


TITANIO

SUMINISTROS DE
FERRETERIA Y
BIENAJE

TALLER DE ENMARCACIÓN

Telf./Fax: 981 81 08 11
C/. Rúa Longa, 39 • 15900 PADRON (A Coruña)
ferreteriatitanio@yahoo.es

PELUQUERÍA DE CABALLEROS

R. FIGUEROA

 **981 810 122**

Rua Real 27
Padrón A Coruña

OS CABALIÑOS DA NOSA VIDA

Gonzalo Manuel Castaño Solar

A todos os seus fillos/as por ese gran pai que tivestes

Este ano díxenme: non vou escribir nada no meu querido Libro de Pascua, deixareino para outra ocasión. Pero tan pronto pensei isto, veu á miña mente o recordo desa persoa, tranquila e sosegada, que eu sempre lembro nos meus tempos de neno, metido naquela cabina e que nos facía soñar a todos os padroneses cando, a golpe de bucina, comezaba a virar o seu carrusel cargado de emoción: o noso gran Evilasio.

Non hai Pascua sen cabaliños, nin cabaliños sen Pascua. É algo que os que nacemos nesta marabillosa e querida vila non podemos esquecer. Por iso, este ano e neste libro, quero render a miña pequena homenaxe a este home que, durante moitísimos anos, gañou con fartura o agarimo de todos os nenos da Comarca do Sar.

Acórdome agora daquela bonita canción do italiano Jimmy Fontana, *Il Mondo*,

que dicía aquilo de “*Gira, il mondo gira*” e que eu aplico ao carrusel do meu querido Evilasio, dicindo que vire, que vire e que volva virar, por hoxe, por mañá e por sempre esa roda xigante cargada de ilusión, con eses cabaliños, que soben e baixan recordándonos momentos nostáxicos.

Sei que estes cabaliños están e seguirán estando marcados no corazón de xeracións de moitos padroneses que, coma min, gozamos e soñamos sobre os seus lombos.

Deixounos o pasado ano. Cando reparei, entroume unha grande tristura por todo o que el representaba para todos nós, e dediqueille isto no xornal *El Correo Gallego*:

Esperaba este momento. Sabía polo seu estado e polos seus anos que a vida íao levar. E había moi poucos días estiven a falar cun dos seus fillos e pregunteille por el, e comentoume o delicado que se atopaba seu pai.

Acabo de reparar en que o noso querido Evilasio fóisenos para sempre e parécese imposible que xa non o poida volver ver, camiñando polas rúas de Padrón apoiado no seu bastón.

Este burgalés (creo lembrar que era de Burgos) que namorou de Padrón grazas a unha boa padronesa, soubo gañarse a moitas xeracións de padroneses ao longo de toda a súa vida.

Un home cheo de entusiasmo e con aquela voz relaxante que o caracterizaba enchíanos de alegría cando, naqueles duros anos, aparecíamos no campo do Souto co seu camiión para as festas da Pascua e dentro os seus cabaliños. E xa todos contentos. Chegaron os cabaliños de Evilasio! Chegou a Pascua!

Unha pegada indeleble deixoume o meu admirado Evilasio. Lémbroo alí no Souto, metido na súa cabina, poñíanos a música do momento, eran os “40 Principais” de Evilasio. E que alegría para min cando

poñía Neniña, a dos pantalóns vaqueiros e a camisa de cadros dos meus irmáns Pepé e Fernando. Ou cando os petos estaban baleiros, acudías á súa cabina e dicíaslle: "Evilasio dáme un vale?", e caíanche tres de golpe. E logo xa todos os rapaces a rifar en cal cabaliño iamos montar, que se Veloz, que se Furia...

Podería seguir e seguir contando moitas anécdotas sobre esta boa persoa. Déixanos un gran legado no seu Padrón porque el amaba e quería a nosa vila.

Xa non Padrón, se non toda a comarca, por non dicir infinidade de concellos, aos que el acudía levando o seu carrusel e con el a ilusión de todos os nenos. Hoxe estamos tristes, fóisenos o home que sementou en nós soños que todos levamos gravados moi dentro.

Quédanos para sempre o seu recordo. Alí, no Souto, xa nos deixa un gran legado, o seu carrusel que é un antes e un despois para moitas xeracións. E aínda que xa non montemos porque xa temos uns anos, sei que seguiremos gozando vendo aos nosos fillos e netos gozar deles. E chegará ao noso corazón, mentres o seu carrusel dá voltas e voltas, e imaxinando a súa figura metida naquela cabina, e a cara de alegría de todos os que montamos nos seus cabaliños.

Hoxe, alá arriba, subiu un carrusel cheo de ilusión, e seguro que o recibirán como te recibiamos nós sempre no Souto padronés, e seguirás levando felicidade, estas onde estas, o meu admirado Evilasio.

Grazas por darnos o que nos deches. Nunca te esqueceréi (D.E.P).



ANTIGÜEDADES PADRÓN

COMPRA-VENTA
DE MUEBLES RÚSTICOS

☎ Teléfono/Fax: 981 810 796

☎ Móvil: 610 931 930

🕒 Tardes de 16.30 a 20.30 h

🕒 Sábados e Domingos de 10.00 a 14.00 h

📍 Avda. Pontecesures 31 Baixo
15900 PADRÓN (A Coruña)



LENCERÍA

LÁS

Praza Macías, 4 - 15900 - PADRON - Telf.: 981 811 224



Foto Dixital
Reportaxes
Foto Publicitaria
Revelados
Video

Rúa Nova nº 1-baixo - Tel. 981 81 11 00 - Móvil 627 54 76 74
mariocalvofotografo@yahoo.es - 15900 PADRON (A Coruña)

TALLERES LESTIDO

ELECTRICIDAD DEL AUTOMÓVIL

Ctra. Padrón-Riveira, km. 2
Telf.: 981 811 902

LESTROVE-DODRO
PADRON (La Coruña)

"Yo ya estoy asegurado en ...



CASAL & ASOCIADOS

correduría de seguros

...¿y tu a que esperas?

Tetuán, 6 bap
15900 Padrón

mantenegro@casalyasociados.es
www.casalyasociados.es

tel. 981 812 376
fax 981 812 376

Husqvarna
DINAMICAMENTE AVANZADA



T. 663 481542
T. 651 485 537

- Servicio Técnico y Venta
- Recambios
- Maquinaria en General

Lg de Pousa, 14
15917 Padrón - A Coruña
T. 981 811 582
jardimaqsl@gmail.com
info@jardimaq.com



ELECTRODOMÉSTICOS
RADIO - TV - SONIDO Y VIDEOS

COMERCIAL MANOLO

Manuel Rivas, S.C.

Plaza de Macías, - Teléfono 981 81 00 85 - Padrón

Tu agencia de viajes

ZAFIRO
TOURS

Rúa Vila de Rianxo, 2
Tlf: 881 125 245
padron@zafiro tours.es
Padrón (A Coruña)



O alpendre
ASADOR RESTAURANTE

Carnes a la brasa

Plaza do Castro, 3
15900 PADRÓN (A Coruña)
T. 981 81 05 83
639 05 72 27

RESTAURANTE BERNABÉ



**Loterías y Apuestas
del Estado**



TLF: 981 811 058
Extramundi de arriba - N° 199
PADRÓN - A CORUÑA

RECONSTRUCCIÓN DO CONSISTORIO PADRONÉS EN 1795

Eloy Rodríguez Carbia

No 1753 a casa consistorial situábase no mesmo solar que na actualidade, unha casa propia na rúa Longa con dous andares: o superior, onde a Xustiza e Rexedores celebraban os seus cabidos; o inferior, destinado a alfóndega para vender os grans¹. O edificio, segundo a documentación da época, tiña sete varas de fronte², a parte central orientada ao oeste remataba por unha Torre (espadana), á dereita situábase a casa do rexedor e á esquerda o cárcere.

O edificio municipal en 1792 presentaba un estado ruinoso, motivo polo cal, o sete de febreiro dese ano, o Procurador Síndico Xeral da Vila e Xurisdición de Padrón, don Antonio Cobián, convoca unha reunión de urxencia, tomándose acordo que, sen demora, os mestres de

cantería e carpintaría, don Ignacio de Aboy e don Manuel de Castro Agudín, maiores de corenta anos, recoñeceran o edificio, fixeran presuposto das obras necesarias de reparación para que este puidera cumprir as funcións do goberno municipal, reunións, sorteos de milicia, quintas, etc.

O alcalde da vila e a súa xurisdición don Jacobo Iglesias, na compañía dos mestres de obras, comprobaban como as paredes do soto estaban escoradas, descompasadas, os pisos suxeitos con doce vigas de pinabete separadas das paredes debido á pouca solidez destas ao ser de lousa miúda, terra e barro.

No informe elaborado por don Ignacio de Aboy, mestre de cantería, maniféstase a necesidade de reedificación total, pois existía risco de derrubo. O mestre

de carpintaría, don Manuel de Castro Agudín, informa que os pisos, teitos, vigas, pontóns, apartamentos e o voladizo do frontón, que serve de cuberta para a alfóndega pública³, atopábanse en moi mal estado, recomendando desfacelo para evitar o desprendemento no que poderían perecer moitas persoas. Ese mesmo día, pola urxencia que requiría a toma de medidas, asínase un compromiso de actuación entre o alcalde e os mestres de obras.

O dezasete de novembro de 1794, baixo a presidencia do rexedor don Francisco Cueto y Valdés, alcalde máis antigo, don Pablo de Aldanza e don Manuel Cardecid, rexedores, o licenciado don Bernardo Payza, deputado do Común e don Domingo de Poladura, procurador síndico, reúnese a Corporación para

¹Fraguas Fraguas, A.: La Villa y la Tierra de Padrón en el catastro de la Ensenada. Cuaderno de Estudios Gallegos XXIX. Santiago Compostela 1974-75

²Vara, medida de lonxitude, unha vara equivalía a 0,843 cm. A lonxitude do edificio non coincide coa actual se as medidas referidas nos documentos municipais da época son as correctas, pois sete varas viñan sendo uns 5,901 m e na actualidade ten un fronte aproximado de 12,55 m

tratar a execución da reedificación das casas consistoriais, recoñecer o plano aprobado, que, por mandato do intendente, alzou o académico mestre arquitecto don Fernando Domínguez, contemplándose construír unha caixa e espadana para o reloxo que por agora non podería colocarse, pois non dispuña o Concello de fondos, advertindo que se non se executaba, despois resultaría máis custoso⁴.

A Corporación decide executar a primeira obra e solicitar do señor intendente que mande ao mestre que alzou o plano para que faga taxa e regulación de todo en conxunto, para despois enviálo aos señores do Real e Supremo Consello da Súa Alteza, concedendo para este fin o arbitrio de dous marabedís en cuartillo de viño⁵ por algún tempo, ata cubrir o montante de dita obra. Unha vez

recibidos os planos deciden enviarllos ao intendente tal como se acordara.

O vinte e cinco de xuño de 1795 noméase mestre aparelador e alistador a don Blas Villar, veciño da freguesía de Santa María de Campaña, atendendo aos seus coñecementos e comisionados a don Pablo de Aldanza e don Francisco Cueto para que asistan e tomen coñecemento dos operarios e do que se precise, levando conta e razón, segundo se preveñen nas instrucións, alternando de quince en quince días en que realizarán pagamentos. Comezariase por mercar os utensilios necesarios e o día trinta procederíase a derrubar o edificio antigo da casa consistorial e abrir a canteira para a extracción da pedra necesaria para a súa reconstrución, fixándose tamén o soldo de mestre aparelador⁶.



³Establecemento onde se vendía, mercaba e incluso almacenaba o gran coa finalidade de socorrer aos veciños e principalmente aos labradores en épocas de penuria.

⁴No frontón da casa do concello, despois de rematadas as obras de reconstrución do novo edificio recolocaríase o reloxo público. Na esfera está gravada a data de 1787 que non é data de construción do edificio do concello como queda de manifesto neste artigo, senón a data de fabricación do reloxo público que substituíu ao existente na Torre do Relox, sita na porta leste da entrada á Vila, na vía que comunicaba Santiago con Pontevedra, derrubada en 1786 para reformalo camiño do real ou do plantío entre Iria e Cesures que precisou dunha complexa solución construtiva mediante unha calzada elevada sobre arcos e fosos laterais que servirán de aliviadoiro as augas. Solución desencadéante de que se derrubara a torre para permitir ensanchalo camiño no tramo da calzada Real ao seu paso pola Vila. Derrubada a torre, había que procurar un novo emprazamento para o reloxo, co obxecto de "non privalos veciños de oílas horas para arranxalas súas tarefas". O arcebispo compostelán Sebastián Malvar coincidindo cunha estancia no pazo de Lestrobe, dirixe unha carta ao concello en data oito de outubro de 1787 e despois de acordar co enxeñeiro don Fernando Gaver deciden que o lugar máis axeitado para o novo reloxo sería a Torre Moucha, arimada á Igrexa Parroquial pola parte oeste, a carón da Ponte Santiago, petición que aceptaron as autoridades municipais. O reloxo non estaría moito tempo na Torre Moucha, debido ao estado de deterioro da torre e tan pronto como remataron as obras de reconstrución da nova casa consistorial colocaríaase na súa fachada como se atopa actualmente.

⁵Por acordo do 31 de agosto de 1795 o Intendente Xeral do Concello don Francisco Xaviber de Aspiriz comunicou ao Concello a orde que di así: " que a Contaduría Xeral acordou dar comezo a imposición do arbitrio de dous marabedís, en cuartillo de viño en data 1 de setembro ata abril do ano que ven, comunicándolle a orde ao Concello e ao seu Presidente para que nomearan persoa encargada e asemade deberán informar cando comecen as obras.

⁶Non se pode prosequir información polo deterioro irreversible das actas das sesións plenarias.

STIHL

TU JARDÍN MÁS PERFECTO

CON LAS MEJORES OFERTAS

© 2019 STIHL. Todos los derechos reservados.



VEN A TU TIENDA ESPECIALISTA

COMERCIAL LA UNIÓN, S.L.

Avda. Camilo José Cela, 20
(Frente a estación de autobuses)
Padrón - La Coruña
Tel: 981 812 208 - Móvil: 687 099 388

ARTOS



Estamos a tua
disposición para
Festas de Cumpleanos
e Primeiras Comunións

TODA CLASE DE PRENSA

Teléfono 981 81 29 65
C/ Herreros, nº 5 - PADRON

A
tenda
das
LARPEIRADAS

Decoraciones ARRAIS



Avda. de Pontecesures, 32
15900 PADRÓN (A Coruña)
Telf.: 981 81 11 83
decocarrais@gmail.com



CARPINTERIA DE ALUMINIO Conpeal s.l.

desde 1979

Ctra. Santiago - A Estrada, km. 9
RAMALLOSA - TEO

Telf. y Fax: **981 809 101**
Móvil **667 728 519**

conpeal@conpeal.es

- TODO EN ALUMINIO Y PVC
Soldadura de aluminio
Fachadas acristaladas o en panel
composite
- PUERTAS AUTOMATICAS
(garaje, fincas, etc...)
- MANPARAS: Oficina, baño, etc...
- INSTALACIÓN, REPARACIÓN Y
SUSTITUCIÓN

**Presupuestos
sin Compromiso**

BREZO

Dietética y Nutrición

- Dietas Personalizadas
- Complementos Alimenticios
- Cosmética Natural
- Plantas Medicinales

En PADRÓN calle Vidal Cepeda, 3

981 810 592



Clave de Fa



**DROGUERÍA
Y PERFUMERÍA**

**COMPLEMENTOS
REGALOS**

Herminia

**C/ Juan Rodríguez, 6 -Telf.: 981 810 184
PADRÓN**



Cars T.Picaraña

REPARACIÓN GENERAL DEL AUTOMÓVIL
Autodiagnos de automóviles y camiones
PADRÓN

MULTIMARCA

Teléfonos 981 80 31 30 - 683 372 663



MUIÑOS - ESCRAVITUDE - PADRÓN
(CARRETERA GENERAL CORUÑA - VIGO)



LIBRERÍA PAPELERÍA

MATERIAL DE OFICINA
MATERIAL EDUCATIVO
AGASALLOS

www.libreriasar.com

Teléfono/Fax: 981 811 320
libreriasar@libreriasar.com
www.facebook.com/libreriasar



Praza de Macías 5
15900 Padrón (A Coruña)

TIENDA MUNDIAL



GRAN SURTIDO EN TRAJES
DE COMUNIÓN Y ARRAS

- ROPA INTERIOR
- PUNTO
- VAQUEROS

Rúa Herreros nº 4 Teléfono: 616 581 903 Padrón



Especialidades

PAN ARTESANO
CROISSANT ARTESANO
EMPANADAS
TARTAS

CUMPLEAÑOS
BAUTIZOS
COMUNIONES
BODAS
ANIVERSARIOS

BOSCAS CON RELLENO
ROSCAS SIN RELLENO
BRAZOS DE GITANO
ETC.

A MATANZA 60

TLE. 981 81 14 94

PADRÓN



Rúa Real, 21 - Enplta. Izq. • 15900 PADRÓN (A Coruña)
Telf. 981 81 12 05 • Móvil 674 885 348

AVELINO ABUÍN DE TEMBRA

Justo Cortizo Sóñora

Trascorreron dez anos do pasamento de Avelino Abuín de Tembra, nos que botamos en falta as súas crónicas e artigos e, como non, tamén as conversas que moitas tardes tiñamos na súa casa na Bouza inxel en Imo, no seu Laíño natal.

A miña amizade con Avelino comezou cando entrei a formar parte do Padroado Rosalía de Castro; despois dunha reunión do Plenario comenteille que mercara a documentación relativa a un poeta do século XIX, totalmente descoñecido e que era natural de Imo. Este achado foi para el unha das mellores novas que lle podían dar, porque era coñecedor da súa existencia e da importancia que tivera a familia de Luís Aguirre del Río, tanto na vila de Rianxo como en Imo, onde tiñan a casa principal os Aguirre. A partires de aí, comezamos un traballo conxunto, tanto na transcripción e publicación da obra como da propia biografía de Luís Aguirre, poeta contemporáneo e afastado parente de Rosalía de Castro.

Traballar ao seu carón foi para min unha experiencia inesquecible, chegar polas tardes á Bouza inxel, contemplar desde aquel outeiro a baixada maxestosa do Ulla, oílo falar a Abuín das Brañas de Laíño, da illa dos Romai, a carón do río Grande, e como antigamente accedían á illa en barca, a través das canles que forman os regatos nas preamares, para despois Abuín queixarse amargamente do abandono que sufriron as brañas, e que por mor da lei de Costas, estaban hoxe convertidas nun inmenso salgueiral, totalmente improdutivas.

Despois da publicación, no ano 2007, do libro *Luís Aguirre. Poesía completa* continuamos coa historia do Palacio de Lestrove, obra que concluímos uns meses antes do seu pasamento e que co título de *Grandeza e decadencia do Palacio de Lestrove* foi publicada no ano 2012.

Durante estes anos de estreita relación con Avelino amosoume sempre o seu

interese pola defensa da lingua galega, a súa preocupación polo asoballamento que sufría por parte dos castelán falantes e tamén, como non, polos reintegracionistas ou partidarios do lusismo cos que el non comungaba, como así o testemuñan algúns artigos e controversia cos lusistas que tiveron amplo eco na prensa escrita a finais da década dos setenta. Pero, por riba de todo, estaba a adoración e admiración que sentía pola “Cantora do Sar”, a quen se refería sempre como a “miña dona”, e o estudo da vida e obra de Rosalía de Castro foi unha das constantes nas que Avelino traballou con máis interese nos seus artigos.

O seu amor a Galicia foille inculcado polo P. Aureliano Pardo Villar, frade e historiador que residía no Convento do Carme, e a quen Avelino coñece no ano 1948. Segundo as súas propias palabras, pasou moitas tardes na cela do P. Pardo, en compañía de Camilo Agrasar

Vidal (correspondente de *La Noche* en Padrón) e as conversas que tiñan os tres eran única e exclusivamente en galego, nunha época en que non era moi doado facelo. A morte do P. Pardo acontece cando Avelino estaba en Lisboa e desde alí dedícalle “Mi último tributo a mi maestro, el P. Pardo”, publicado na columna *Crónica de Lisboa* e no que reclamaba unha homenaxe para o P. Pardo por parte da cidadanía de Padrón. Ao ano seguinte volve recordalo con motivo do cabodano co artigo “Un hábito blanco en las altas torres del Convento del Carmen” publicado no diario *La Noche*.

Como poeta publicou tres libros:

Camiños (1961): unha triloxía que tivo moi boa acollida pola crítica: “el poeta padronés nos ofrece una visión honda, vigorosa de un rincón de tierra gallega. Se identifica existencialmente con ella, nos muestra unos cuantos motivos en forma introspectiva. A veces, insiste en un mismo matiz, vuelve a él repetidas veces, como un obsesivo monólogo interior. Otras veces los objetos se destacan, se personifican, casi se pegan a los ojos...”. Outra alusión a esta obra di o seguinte: “*Camiños* es la expresión auténtica, sincera y lírica de un poeta ante la vida y Avelino Abuín de Tembra es el poeta que ha sabido mirar hacia esos caminos”.

Home ao pairo (1974): obra que a crítica estimou como unha das máis valiosas aportacións á lírica intimista galega: “Abuín de Tembra tece, ao longo do libro, a súa ferverza lírica: fai zumegar para nós a ardencia do seu espírito anguriado, cinguenos, unha e outra vegada, aos camiños irmáns. Remanece o illó das augas campesiñas; apértanos ca terra nutricia...”.

Roldas de Compostela (1983): premio Celso Emilio Ferreiro de poesía nas Xustas poéticas de Galicia, organizadas polo Concello de Santiago e, segundo a crítica: “Colección de poemas encol da cidade santa e do granito eterno, na máis pura liña do neotrovadorismo. Un volume de difícil interpretación pola exacta escolma de vocabulario e o seu complexo sistema metafórico”. Este libro, no seu orixinal figura como *Roldas de Bocanoite* e, con pequenas modificacións, foi presentado ao concurso de poesía co nome *Roldas de Compostela*.

Pero a actividade literaria máis importante que desenvolveu foi a de columnista na prensa escrita, onde chega a ser o decano da prensa galega. Esta comeza no ano 1956 en Lisboa. Alí exerceu como correspondente de prensa e tamén como redactor da axencia *Iber Press*; así *Crónica de Lisboa* pódese considerar a primeira colaboración coa prensa e

nesta sección trataba tanto temas de actualidade portuguesas como novas culturais galegas.. Abarca o período de 1956 a 1958 ata que, a finais de 1958, regresa a Santiago onde se instala e exerce como profesor agregado de literatura. Na súa etapa portuguesa funda a revista *La voz de Breogán*, que era o “órgano oficial de Juventud de Galicia” con periodicidade mensual e da que Abuín era o redactor xefe.



Carpintería - Mueblería **BENTRON**

**PUERTAS
TARIMAS
ARMARIOS**

Financiación a medida



**COCINAS
ESCALERAS
PASAMANOS
VENTANAS**

**MUEBLES DE SALON
JUVENILES
DORMITORIOS
COMEDORES
COLCHONES**

FABRICACIÓN A MEDIDA



Teléf. 981 81 24 31 - Fax 981 81 29 47
Ctra N550, Km 81 Iria-Padrón A CORUÑA

www.bentron.es
correo@bentron.es

GA
GESTORIA
ADMINISTRATIVA



www.seguroslesgestion.es

Tel. 981 81 24 28 / lestroveggestion@gmail.com
Avda. Compostela, 16 / 15900 - Padrón, A Coruña



**ANALISIS CLINICOS,
AGUAS Y ALIMENTOS**

Arturo M. Reboyras Villaverde

ANALISTA

SEGUROS, ADESLAS, MUFACE, ISFAS, ASISA, AEGON, UNION MADRILEÑA,
EXTRACCIONES A DOMICILIO

Rúa Longa, 19 bajo - Teléfono y Fax 981 81 17 82 • 15900 PADRON
E-mail: laboratorio@arturorv.es • Móvil 630 70 84 35



**Panadería
MOSQUERA**

EMPANADAS - HOJALDRES - TARTAS

PASTELES - ROSCAS - PAN

Avda. Camilo José Cela, 31
15917 IRIA - PADRÓN

Tfno. 699 080 789

SAN LUIS



**FABRICA
EMBUTIDOS**

Val do Sar
queixo de Galicia



Teléfonos: 981 817 130 - 981 810 345
Gándara - Iria Flavia • PADRÓN (A CORUÑA)



Avda. Camilo José Cela
Padrón (A Coruña)
Teléfono 981 810 766



DESAYUNOS

INFUSIONES

DESAYUNO PEREGRINO

BOCATERÍA

CHOCOLATES

ESPECIALIDAD EN
PIZZAS ARTESANAS

Telf. 626 75 20 40



**GALIZA
VERDE, S.L.**

**MAQUINAS LAVAPEZAS
E XESTIÓN DE RESIDUOS**

Parque Empresarial de Pazos, 21 BIS
Tfno./Fax 981 81 24 38
15917 PADRÓN (A Coruña)

Despacho de Abogados

*Francisco Blanco Mariño
María Blanco Mariño*

CIVIL

DIVORCIOS - ACCIDENTES

HERENCIAS - SERVIDUMBRES

DECLARACIONES - HEREDEROS

INCAPACIDADES

PENAL. ADMINISTRATIVO

Teléfono: 981 812 307
Fax: 981 817 364

AVDA. Compostela, nº 53 - 1º C
15900 Padrón



moda e complementos

C/ Plaza Macías, 5 — Padrón
981.81.08.34

UN PUÑAL DA IDADE DO BRONCE BAIXO AS AUGAS DO ULLA

Ángel Rey Castro

Asociación Cultural Villa Petroni

No ano 1995, estando na casa dun coñecido meu de Bexo-Dodro, vin que tiña sobre a encimera da súa lareira unha serie de vellos obxectos de ferro a modo de decoración. Tiña una prancha de carbón, unha baioneta das de tipo cubo e algúns outros obxectos que se usaban de forma cotiá nas casas no século XIX. Pero houbo un deles que me chamou moito a atención, porque non encaixaba naquela serie. Era un pequeno puñal de espiga, cun nervio central, moi gastado, que xa se notaba á vista que non podía ser de ferro, e tamén tiña unha pátina que delataba a súa antigüidade.

Pregunteille onde atopara ese puñal, e díxome que fora nos anos oitenta, cando traballaba nos barcos que dragaban area do Ulla, polas brañas de Laiño, preto de Catoira. O puñal apareceu nunha das padas de area que sacaba o barco do fondo do río, pero non coñecía máis.


Díxenlle que ese puñal era moi estraño, e convencino para que mo deixara estudar. Ao día seguinte fun á súa casa cunha moza que é historiadora, para que lle permitise levalo a analizar, ao que accedeu moi ilusionado.

O resultado, xa intuído, foi sorprendente. Fíxose unha análise metalúrxica por

fluorescencia de raios cun equipo de expertos, dentro do proxecto de arqueometalurxia da Península Ibérica, e resultou ser un puñal da idade do bronce. Ten 30,8 cm de lonxitude total e un peso de 165 gramos.

Non se tiña atopado ningunha peza similar in situ en España igual a esta. Só existen un par delas similares. Unha está no Museo Arqueolóxico Nacional, catalogada como bronce de Luristán; e outra foi atopada en Zamora.

No depósito sardo de Ottana atópanse seis puñais lycios similares a este, o que fai supoñer que o puñal do Ulla poida



ter a súa orixe no Mediterráneo central ou oriental.

A relación desta peza con outras espadas atopadas no mesmo río, dá conta de que o Ulla se presenta como paso obrigado e vía de intercambio xa desde o terceiro milenio entre xentes do Mediterráneo oriental e os asentamentos atlánticos.

Este puñal do Ulla, atopado de forma casual, é unha peza única e extraordinaria. Foi cedida en calidade de depósito polo seu propietario ao Museo de Pontevedra, ante a insistencia do seu director, onde se pode ver hoxe nun lugar destacado, como unha auténtica xoia, que dá conta da importancia que tiña o porto de Padrón xa desde a Idade de Bronce.

Este singular descubrimento foi moi comentado nos círculos arqueolóxicos, e a nova foi obxecto de publicación nunha separata de *Brigantium. Boletín do museo arqueolóxico e histórico de A Coruña* no ano 1996, onde figura o estudo completo do puñal.

TRABAJAMOS CADA DÍA PARA MEJORAR SU CALIDAD DE VIDA



PRAZA DA LEÑA Nº2 BAJO PADRÓN

 **IGLEMEN**
CENTRO DE DÍA



TLF: 617 081 659 - 881 167 214

ÓPTICA NUEVA

Establecimiento asociado a

 **FARMAOPTICS**
Ópticas con Garantía de Salud

Rúa Longa, 16 • Telf. 981 811 501
15900 Padrón (A Coruña)

SOLUCIONES METÁLICAS JAMARDO S.L.



Rúa do Ensanche nº 19
36649 Pontecesures
PONTEVEDRA
ESPAÑA

- Aluminio Soldado
- Mecanizado Aluminio


Telf. (+34) 986 55 75 76
Fax (+34) 986 55 63 37

CONTACTO@SMJAMARDO.COM
WWW.SMJAMARDO.COM

Novedad absoluta

ONE STROK
3 D
GEL+ACRIL

Blanco Nails - design

 *María Pilar Blanco Moreira*

Móvil 610 390 214
Tel. 981 817 278
Lg. Iria Flavia n.º 66
15917 PADRÓN (A Coruña)



- ELECTRICIDAD
- FONTANERÍA
- CALEFACCIÓN
- GAS IG II
- MANTENEDOR
- INST. PRODUCTOS PETROLÍFEROS
- AIRE ACONDICIONADO

616 848 345

CASTRO
DESDE 1927



Todo para o bebé

C/ SANTO DOMINGO, 8 • TLF. 981 81 16 15 • PADRON
www.castrobebes.com



RECAMBIOS CARBAJAL, S.A.L.

RECAMBIOS Y ACCESORIOS
LUBRICANTES • ELECTRODOS
CORREAS • HERRAMIENTAS
RODAMIENTOS • HIDRAULICA

e-mail: recambioscarbajal@hotmail.com

Avda. Compostela, 45-bajo
15900 PADRON (A Coruña)

Tfno. 981 81 03 05

Fax 981 81 08 51

Tfno. Móvil 616 47 50 03

GA CABO NAYA

ASESORES

PADRON

GESTOR ADMINISTRATIVO
ECONOMISTA

Julio Cabo Naya CORREDOR DE SEGUROS

Avda. Compostela, 53 - 2º • Telfs. 981 81 17 51 - 981 80 30 60
Fax 981 81 17 00 - 981 80 32 12 • 15900 PADRON - LA CORUNA

ROSA GORIS MAYÁN

PROCURADORA

Rúa Real, 21 - 3.º C
Avda. C. José Cela, 10 - 2º G
Teléfono/Fax 981 81 13 77
15900 PADRÓN (A Coruña)





RUA TAFONA 8, PADRÓN / TLF.981 81 15 02



AVDA. DA ESTACION 20 BAJO, CATOIRA / TFL.986 52 31 42



Baltar

OPTICA

www.opticabaltar.com



CENTRO
AUDITIVO



BALTAR

PLAZA BALTAR S/N
PADRÓN

TLF.981 81 20 17

www.centroauditivobaltar.com

CLÁSICA DE PASCUA 2018. DOMINIO CORTIZO

Club Ciclista Padronés - Aluminios Cortizo

Poucas, en moi poucas da edicións da nosa Clásica de Pascua se recorda un dominio tan rotundo do equipo de Padrón.

Poucas, moi poucas veces se viviu un duelo Froiz-Cortizo como o deste ano. Rivalidades deportivas que enriquecen a carreira.

Uns sabían das virtudes dos outros. Portela coñece moi ben a Blanco Villar. Suso coñece moi ben a Evaristo. Xa se metían cuneta na época da Transición española, cando pelexaban por ser profesionais da bicicleta.

Blanco Villar tiña un gran plan. Suso segue a ser ciclista, aínda que vaia sentado no coche... A noite antes da carreira pulíronse os detalles na cea do equipo.

O saber popular dicía que todos estarían pendentes de Montenegro, ou Tucho, que é como o coñecen no "mundillo". Un veterán curtido en mil batallas, que xa foi profesional e que desde hai uns anos é a extensión de Blanco Villar na estrada.

Agardábase que Montenegro se reservara para o final da carreira. Que gardara forzas para que no muro de Socastro puidera sentenciar a proba e que outros corredores do equipo se meteran en fugas para entreter ao resto de equipos e facelos traballar.

Iso é o que todos esperabamos. O plan era outro.

A pouco de dar a saída, subindo Bexo, Montenegro responde a un ataque de Óscar Brea (Froiz), o "Chava" Angulo (Rías Baixas) e Guillaume Almeida (Maia). Unha fuga de calidade desde o inicio da Clásica.

Non o esperabamos, os afeccionados. O Froiz gardaba aos seus dous mellores homes no pelotón, o padronés Martín Lestido e Iván Martínez, pero Suso mandaba a súa mellor bala a unha dura batalla, a unha fuga de máis de cen quilómetros... Que pasa aquí?

A fuga gañaba tempo e chegaba ao minuto, non máis. Os demais corredores do Cortizo ían tapados a roda, mentres Tucho, co seu

andar atrancado, seguía a gastar para que a fuga camiñase.

Tras pasar por Rianxo, volver a Padrón e dar tres voltas ao circuíto de Formarís, entrabamos na recta final da carreira. O Froiz tomaba o mando da persecución e pouco antes de afrontar a decisiva subida ao alto da Pereira, a fuga é acadada co duro ataque de Martín Lestido no muro de Socastro. Montenegro non pode aguantar a roda e comeza a ceder. Martín supera ao "Chava" Angulo e ao portugués Almeida. Os tres coraan o porto pero á súa roda vai un cuarto integrante, quen é? Pois outro Cortizo, alguén que non debería estar aí, do que ninguén falaba. Non pola súa calidade, que ten moita, senón porque hai pouco fora campión de España de Duatlón e supoñíase que de correr a pé aínda non tería as pernas para aguantar esta dura Clásica. Supoñíase, pero non. Raúl García de Mateos ten clase de ciclista dos bos e foi á roda de Martín Lestido toda a proba, nese plan orquestrado polo

seu director deportivo, e agora tocáballe a el responder.

O do Froiz intentouno na Pereira, baixando cara a Rois e ata catro veces subindo Formarís, pero De Mateos ía soldado á súa roda, retorcíase sobre a bici. Non se lle podía marchar Lestido!

Todo se ía decidir ao *sprint*. Un duro *sprint* no empedrado do Espolón.

Tras pasar a curva da ponte e enfiar a recta de chegada, Martín arranca con De Mateos a un palmo, pero un inesperado lamiazo, impídelle saír ao golpe de pedal final do corredor do Cortizo, que entra vencedor na meta do Souto.

Raúl García De Mateos, o outro peso pesado do equipo de Padrón, rubricaba unha actuación memorable. Unha vitoria que confirmaba ese plan orquestrado por Blanco Villar e deixaba na casa o Pedrón que serve de trofeo a esta carreira máis antiga de Galicia, a Clásica de Pascua.

Esta foi a primeira vitoria dunha grande tempada para o Aluminios Cortizo; pouco despois Jesús Nanclares facíase coa xeral da *Vuelta al Guadalentín* en Murcia e gañaba a etapa raíña da *Vuelta a Zamora*; De Mateos, a xeral da *Vuelta a Salamanca*; Aser Estévez gañaba, outra vez, o Campionato Galego de Crono; e Anxo Lorenzo convertíase en campión galego en ruta.

Unha gran tempada culminada co pase a profesionais doutro dos nosos corredores: Jesús Nanclares, ao Miranada Mortagua portugués. E isto sempre é motivo de ledicia para o Club Ciclista Padronés.



Boutique del Trapo

**TELAS
AL PESO
Y METRO
MERCERIA
Y PAQUETERIA**

Sto. Domingo, 10 • Teléfono 981 810 019
PADRÓN



PENSAMENTOS
material de oficina e informática

Paseo del Espalón 25 - 15900 Padrón (A Coruña)
TELFO- 981810283 - TELFO.FAX- 981810319
pensamentos@pensamentos.es
pensamentos.es



MAYPER

Seguridad profesional - Professional workwear



C/Muiños - 15980 - Esclavitud - Padrón - A coruña
Teléf. 981509826 Fax 981509829
www.mayper.net mayper@mayper.net

Joyería Riveiro



VICEROY
WATCHES & JEWELRY

BANDOZ

★ **MARK MADDOX**

GUESS WATCHES

MAREA

TALLER PROPIO DE JOYERIA Y RELOJERIA

GRABAMOS FOTOGRAFÍAS, ESCUDOS, LOGOTIPOS EMPRESAS, ETC.

C/ Víctor García nº11 - 36640-Ponteceures - Tfno.- 986 557 269
joyeriariveiro@hotmail.com

CASA RAMALLO



CASA FUNDADA EN 1898

Especialidades:

Lamprea

Angulas en época

Caza mayor y menor

Guisos caseros

Tel.: 981 80 41 80
A 3 Kms. de Padrón - Ctra. Noia
15911 ROIS (A Coruña)



GENERALI

Seguros

Andrés Blanco Rey

Rúa Real, 23 bajo - 15900 Padrón
Teléfono 981 817 361
Móvil: 607 143 561
andres.blanco@generalimediadores.es

A Tenda Lenceria
de María
Complementos

C/. Rúa Real, 23
Teléfono 981 81 73 61
15900 PADRÓN

Bodegón Portón Bello

CERVECERÍA

ESPECIALIDAD EN
JAMÓN Y
TAPAS VARIADAS



Detrás del campo de Fútbol • Teléfono 981 81 18 97
Campo de la Feria, nº 7 • PADRÓN

MORONO

CONFECCIONES
DE
LUJO

Rúa Real, 26 - PADRÓN
Telf. 981 810 130

AEDRA

TRAVECO

DESQUACE



CENTRO
CONCERTADO

SIGRAUTO

J. M. GARCÍA

AUTORIZADO POR LA XUNTA DE GALICIA

SERVICIO DE GRÚA

TRAMITACIÓN DE BAJAS DE VEHÍCULOS

desguacesjmgarcia@gmail.com

Bayuca - Pazos (N. 550, Km. 79)
S.M. de Cruces - PADRÓN (A Coruña)

Tif: 981 81 20 40
635 832 617

as Camelias

CAFE & BAR

LOCAL CLIMATIZADO
981 810 064

Rúa Real
15900 Padrón (A Coruña)






Desde 1928

Tu tienda de siempre

*Gran surtido en confección de señora y caballero
comunidad, complementos y paquetería*

Exposición y venta

Ruá Rosalía de Castro,20 - Telf. 981 81 01 04



**PULPERIA
RIAL**

(CIERRA LOS MARTES)

LOCAL CLIMATIZADO

Plaza Traviesas - Teléfono 981 81 16 24
15900 PADRÓN - www.pulperiarial.com



PARAISO
Taberna típica

Tel: 670 81 99 55
Rúa Castelao, 17, C.P. 15906 PADRÓN (A Coruña)



CALZADOS NOYA
RUA LONGA 17
PADRÓN
981 81 01 03

SUIZA PELUQUEROS
CENTRO DE PELUQUERIA Y ESTETICA

Rúa Compostela nº 39
15900 Padrón
981 811 298
Eufe 511 345

horario
Lunes: 09:00 - 01:00
Martes a Viernes: 09:00 - 20:00
Sábados: 9:00 - 01:00 | 15:00 - 19:00



BIANCO
moda & complementos

RUA REAL, 2067 PADRÓN (15900) - A CORUÑA
982 10 11 33

A ANDAINA BISBARRA DO SAR ALCANZA A XII EDICIÓN

Arturo Manuel Reboyras Villaverde

Aproveitando a oportunidade que me brindan anualmente os editores deste tradicional libro de Pascua para poder desenvolver o meu *hobby* de “xunta-letras”, este ano “arrimarei a ascua á miña sardiña” para escribir sobre unha das miñas paixóns: o sendeirismo, e como conseguinte, da xa recoñecida *Andaina Bisbarra do Sar*, proba de 50 kms. que transcorren polos concellos de Rois e Padrón e que organiza a Asociación Colectivo Remonte e as concellarías de Deportes de ambos os dous concellos.

Inicios

A finais do ano 2006, un grupo de amigos que nos reuniamos nas mañás dos domingos para facer rutas de sendeirismo por distintos puntos da comarca, decidímonos a preparar un percorrido polos concellos que forman a bisbarra do Sar (Dodro-Rois-Padrón) que sumase unha distancia de 50.000 metros.

A nosa experiencia nestes temas era escasa, mais as ganas de poder entrar no calendario da *Copa Galega de Andainas* que organizaba a Federación de Montañismo, ilimitadas.

A primeira xestión foi conseguir un CIF para poder comezar a realizar trámites ante os organismos municipais, federativos, comunidades de montes, empresas colaboradoras... sendo a Asociación Colectivo Remonte, presidida daquela por Ángel Rodríguez Conde, a que nos acolleu na súa entidade.

No ano 2007 iniciamos o rastrexo de camiños que puidesen aportar aos afeccionados a este deporte un estímulo para que se animasen a inscribirse. Paralelamente, participabamos en probas destas características por toda a xeografía galega (Allariz, Ferrol, Entrimo...) e portuguesa (Montealegre, Melgaço...) co fin de poder ir coñecendo o funcionamento deste tipo de marchas.

Pechado o percorrido, procedeuse a bautizar a proba e a realizar as xestións ante os organismos municipais para acadar o seu apoio.

Así, ante a estatua do Premio Nobel Camilo José Cela, un chuvioso 12 de abril de 2008, era cortada polos tres alcaldes da comarca, a cinta que inauguraba a proba.

En que se beneficia a Comarca do Sar?

O obxectivo desta proba é promocionar a actividade deportiva entre persoas de diferentes idades, así como fomentar o respecto pola natureza, favorecer o diálogo e aumentar a amizade entre os participantes.

Tamén ofrece aos camiñantes e aos seus acompañantes a posibilidade de coñecer o patrimonio artístico, paisaxístico e turístico da bisbarra do Sar (Rois e Padrón), así como o beneficio económico do sector da hostalaría e comercio.

12ª ANDAINA BISBARRA DO SAR

(Proba oficial da Copa Galega de Andainas de 50 Kms.)

**SÁBADO 6 ABRIL
2019**



**PERCORRIDO de 50 Kms. por
TERRAS de ROIS e PADRÓN**

Información e inscricións:

www.andainabisbarradosar.com

ORGANIZAN:



CAMIÑANDO (tempo máximo 12 horas) 400 prazas



CORRENDO (tempo máximo 6 h. 30 minutos) 100 prazas

RECAMBIOS GARBAJAL S.L.
 Reparación y mantenimiento de:
 REFRIGERACIÓN - ELECTRODOMESTICOS
 COCINAS - HORNOS
 PANELES SOLARES
 Aire Acondicionado - Lavaplatos
 15000 PADRÓN (A Coruña)
 Tfn. 981 81 02 76
 Fax 981 81 02 51
 info@recambiosgarbajal.com

ALBERGUE ROSALIA
 Tfn. 981 81 21 44
 LA MATANZA - PADRÓN

Calzados RUPERTA
 Calidad y moda
 Teléfono 981 81 02 85
 Rúa Real, 22 - PADRÓN

Andaina
 Podólogos
 Atención domiciliar
 Plantillas a medida
 Podología infantil
 Cirugía podológica
 Quiropraxia
 Clínica Podológica
 Tfn. 981 817 208 - Móvil 667 661 193
 Rúa Nova, 44- Entro, A - 15000 PADRÓN

BAR ROSALIA
 TAPAS VARIADAS
 Teléfono 981 81 21 44
 LA MATANZA - PADRÓN

Peluquería de caballeros Amado
 Tfn. 981 81 25 72
 Entro de Parque Infantil - PADRÓN

CAFÉ-BAR ALBERGUE ROSALIA
 Tfn. 981 81 21 44
 LA MATANZA - PADRÓN

D'Camino CAFE-BAR
 TELE. 626 752 040

CAFÉ-BAR ROSALIA
 Tfn. 981 81 21 44
 LA MATANZA - PADRÓN

ASESORÍAS MC
 C/ Tenas, 6 - Bando A - 15000 PADRÓN (A Coruña)
 Tfn./Fax 981 812 216 - Móvil 8991 038 02
 info@asesoriasmc.com

CAFÉ-BAR Rosalia ALBERGUE
 Plaza de Rodríguez Cobian, 1 - 15000 PADRÓN
 Tfn. 981 817 011 / 981 670 023 018
 info@alberguerosalia.com
 www.alberguerosalia.com

Panadería MOSQUERA
 Tfn. 981 810 863

COLABORADORES: PROTECCION CIVIL TERRAS DE IRÍA, FEDERACION GALEGA DE MONTAÑISMO, GRUPO CORREO GALLEGO, FUNDACION CAMILO JOSÉ CELA, CASA MUSEO ROSALIA DE CASTRO, GADIS, PULPERIA LITO MAMBIS, POUSADAS DE COMPOSTELA, GRUPO OTERO-CARITON, CASA GROBAS, GASEOSAS FELJO, CLUB CICLISTA PADRONES, DIPUTACION PROVINCIAL DE A CORUÑA, GRUAS ESTACION, FEIRACO-CLUN, ABANCA.

Unha verdadeira mágoa que a corporación do Concello de Dodro decidira deixar de apoiar este evento no 2012.

Percorrido

A saída, desde a emblemática praza de Macías, será ás 9.00 h. da mañá e, unha vez máis, o percorrido será diferente ao de pasadas edicións.

Estará dividido en tres aneis: o primeiro de 29 kms. (Padrón-Pazo do Faramello-Padrón), transcorrerá polos lugares de Iria, Pedroso, Santuario da Escravidude, Cruces, Angueira de Suso, Vilar (Teo), Faramello, Angueira de Castro, O Sixto, A Meana, e para finalizar, máis de 7 kms. polas marxes do río Sar ata chegar ao polideportivo municipal do Souto. O segundo bucle de 10 kms. pasa por Lestido, O Piñeiro, Vista Alegre, Herbón, Cortiñas, Pontecesures e volta ao polideportivo. Para completar os 50 kms. lévase a proba ao Monte San Gregorio (Santiaguiño do Monte), báixase á Seira, rematando polos paseos fluviais do río Sar, para alcanzar a praza de Macías. Estímase que os primeiros participantes cheguen en sete horas e trinta minutos e os últimos, en doce horas.

Ao longo do percorrido haberá cinco puntos de avituallamento, que servirán como controis de paso. Ao finalizar, as persoas inscritas participarán nun sorteo de agasallos e serviráselles unha cea a base de produtos galegos.

Características

Apenas pisaranse 3 kms. de asfalto, sendo o resto por pistas forestais, camiños fluviais e sendas naturais, cun desnivel positivo (subida acumulada) de 900 metros, o que significa que será a camiñada máis sinxela de todas as edicións.

Participantes

Cada edición incrementa o número de inscritos, pasando dos 179 do primeiro ano (2008) aos 601 da pasada edición, destacando a gran participación de mulleres, que xa superan o 40% das inscricións.

Para que os lectores valoren estes números, compre dicir que a Copa Galega de Andainas está formada por outras 11 probas que se celebran en Pontevedra, As Neves, Entrimo, Santiago, Salceda de Caselas, Brión, Barbanza, Ferrol, Boqueixón, Riveira e Melgaço, cunha media de participación de 215 camiñantes.

A pesares da distancia, a media das persoas que finaliza a proba supera o 63%.

Pódome aventurar a realizar unha proba deste tipo?

Camiñar 50 kms. sempre require unha preparación previa, xa que cómpre pensar que algúns participantes estarán 12 horas en marcha, e en medio día inflúen moitas

circunstancias: calor, frío, chuvia, bochas, rozaduras, terreos irregulares, charcas, desniveis... o que se resume en dureza.

Unha persoa que camiñe diariamente entre 90 e 100 minutos, alternando monte e chaira, será apta para rematar este tipo de probas. Evidentemente, hai que ter un bo fondo físico e mental. Moitas veces a cabeza anda o que as pernas non poden.

Organización

O equipo da organización está formado por 38 persoas, que se dividen en grupos para afrontar as seguintes tarefas: buscar camiños, trazarlos e rehabilitalos para que sexan transitables (comézase o mes de outubro), marcaxe da proba, escobas (os que pechan a proba), ciclistas pertencentes ao Club Ciclista Padronés (avanzada que comproba que as marcas non foron cambiadas ou retiradas), avituallamentos, controis, mesa de entrega de dorsais e diplomas, fotógrafos, marketing, informáticos e coordinadores.

Á fronte da seguridade da andaina atópase o grupo de Protección Civil Terras de Iria, que realiza evacuacións e cobre os cruces perigosos.

Colaboracións e casas comerciais


Desde o inicio tivemos o apoio das concellarías de Deportes dos concellos de Rois e Padrón. Ademais de numerosas


entidades e casas comerciais. É de xustiza enumeralas, xa que o seu apoio facilita notablemente a organización.

Para a cartalaría contamos con Recambios Carbajal, Bar Rosalía, Café-bar Laiño, Hermanos Tobío, Peluquería Amado, Asesoría Casal Asociados, Calzados Ruperta, Cafetería Casino, Albergue Rossol, Podología Andaina, Café-bar d´Camiño, Panadería Mosquera, Bar La Esquina, Panificadora San José y Gráficas Lasa.

As colaboracións apórtannolas Federación Galega de Montañismo, Grupo El Correo Gallego, Fundación Camilo José Cela, Casa Museo Rosalía de Castro, Pulpería Lito Mambís, Pousadas de Compostela, Casa Rural A Meixida, Casa Rural Os Lambráns, Hotel Restaurante Scala, Grupo Otero-Caritón, Casa Grobas, Gaseosas Feijoo, Gadis, Feiraco-Clun, Abanca e Grúas Estación.

Información e inscricións

 www.andainabisbarradosar.com

 Andaina Bisbarra Do Sar

O prazo de inscrición remata o 31 de marzo.



Líderes en
transporte urgente
mrw.es

MRW

Av. Puntecesures, 61
15900 Padrón (Coruña)
T. 98 181 24 45

Desde hace **más de 40 años**, cada uno de nosotros tiene un solo objetivo: entregar a tiempo tu envío. Un compromiso que nos ha convertido en el referente del transporte urgente, a nivel nacional.

Nuestra fuerza: un equipo humano de más de 10.000 personas, más de 550 oficinas, 58 centros logísticos y más de 3.300 vehículos. **Seguimos creciendo, seguimos entregando.**

HISTORIA DAS FEIRAS DO AUTOMÓBIL DE OCASIÓN DE PONTECESURES

Antonio Ferro Trasande

Cesureño de nacemento e padronés de adopción

No ano 1925 un pequeno pobo independízase de Valga e xorde o Concello de Pontecesures. Ese mesmo ano celebrábase nese pequeno concello un acontecemento comercial que non tiña precedentes en toda España: unha Feira do Automóbil de Ocasión.

Hai que recoñecer que Padrón tamén ten un pequeno anaco na historia destas feiras, pois é ben certo que a idea disto xorde en Padrón, un domingo de Pascua do ano 1924, e varias das edicións das Feiras do Automóbil foron compartidas entre o Concello de Pontecesures e o Concello de Padrón.

Quizais hoxe en día nos resultaría difícil pensar en facer un evento destas características compartindo territorio de dous concellos diferentes e de dúas provincias diferentes, as cales separa un río polo medio, como é o Ulla, aínda que eu particularmente penso que, máis que separar, une a ambos concellos.

A primeira Feira do Automóbil de Ocasión celebrouse no ano 1925 e tivo a consideración de ser a primeira feira de automóbiles de ocasión que se celebrou en España. Ben é certo que xa houbera experiencias anteriores no mundo das exposicións de automóbiles en Madrid (anos 1907 e 1923) e Barcelona (anos 1913,

1919, 1922, 1924 e 1925), pero en todos estes certames limitáronse á exposición de vehículos novos que non tiñan como fin principal a súa venda nos recintos feirais; ademais, non combinarían a venda de novos con usados, é dicir de ocasión. Polo tanto, a Feira do Automóbil de 1925 sería a primeira no seu xénero ao mesturar a venda e exposición de vehículos novos e usados dentro dun recinto feiral, sendo desta maneira unha feira pura e dura.

A idea de levar a cabo este evento hai que buscala na Feira Cabalar da Pascua de Padrón de 1924, cando dous dos futuros promotores, o empresario vigués


asentado en Pontecesures don Eugenio Escuredo Lastra e o médico cesureño don Víctor García García-Lozano visitaban esta importante feira gandeira e, paseando entre cabalos, atopáronse cun home que estaba alí no medio co seu coche, intentando vendelo. Ante aquela imaxe os dous decatáronse de que os tempos estaban cambiando e que o futuro ía ser daqueles cacharros que tanto ruído e fume botaban.

Así foi que pouco despois, na súa camiñata de volta desde Padrón ata Pontecesures viñeron falando e chegaron á conclusión de que se Padrón tiña unha feira de cabalos, Pontecesures tería unha de automóviles.

Nada máis cruzar o Ulla, a súa primeira parada foi en “Casa Castaño”, o seu lugar de reunión e tertulia diaria cos seus amigos, aos que lle contaron a súa idea e pedíronlle o seu apoio. A idea da feira prendeu en todos eles como se fose un chisqueiro e a partires dese momento volcáronse na organización da mesma. Cabe destacar a experiencia de todos eles no ámbito empresarial, pois a maioría dos futuros membros do comité organizador posuían negocios de gran importancia tanto en Padrón como en Pontecesures: relacionados con curtidos, madeiras, transportes fluviais, importación e exportación de coloniais, teares, cerámica, etc.










Un factor importante que resultaría positivo no éxito da feira foi o momento de gran crecemento económico que se viviu nos tempos da ditadura de Miguel Primo de Rivera, dentro dun contexto de auxe económico a nivel mundial, sobre todo de EE.UU., que se encargaría de exportar os seus produtos, principalmente camións e automóviles a gran parte do mundo. Isto tamén provocou o aumento do parque automobilístico español e galego desde comezos dos anos 20, o que daría pé a que houbera persoas que desexasen vender o seu coche para comprar outro, a pesares de que isto estaba ao alcance de poucos petos, polo cal as persoas con menos recursos terían que comprar vehículos máis vellos e usados.

En marzo de 1925, cos preparativos da feira xa en marcha, don Eugenio Escuredo Lastra e os seu amigo e socio na fábrica de ladrillos de Campaña, don Salvador Sierra Trasande, deciden facer unha viaxe á feira industrial máis importante do mundo: a Feira de Mostras de Primavera de Leipzig, en Alemaña. Esta reunía cada ano a máis de 12.000 expositores; a idea era recoller impresións e experiencias que puidesen ser aplicables á feira de Pontecesures e para elo querían aprender da mellor feira do mundo. Como se ve, os organizadores non querían facer calqueira cousa...

Despois das impresións recollidas en Leipzig, as ideas parecen máis serias; nos meses de abril e maio poñen en marcha un importante labor organizativo, comezan os contactos con casas comerciais relacionadas coa industria da automoción e tamén con outras de diferentes sectores.

Convidan á Asociación de Prensa a un xantar en “Casa Castaño”, onde ademais do famoso timbal de lamprea, degustan mariscos da ría e bos viños do Ribeiro e da Rioxa, rematando cos afamados postres de Maruxa Castaño. A partires dese momento e durante os meses previos á feira, os xornais Faro de Vigo, El Pueblo Gallego, Galicia, etc. comezan a darlle protagonismo nas súas columnas aos preparativos dos cesureños no seu empeño de facer unha feira de automóviles de ocasión.


O cartel anunciador da feira encoméndanllo ao pintor cesureño Carlos Maside e o xenial artista pinta un cartel onde aparece o deus Mercurio (deus do comercio) calzando no seu pé un automóbil a modo de patín. É de destacar tamén o cuadro pintado pola pintora cesureña Oria Moreno, este óleo representa a un neno pintando publicidade da feira nunha parede e foi exposto durante os días que durou a feira nun comercio vigués chamado “Camisería Inglesa”.



Para a organización da feira constitúese un comité formado polos seguintes membros:

-Presidente de honra do comité: don José Rodríguez Villamil, gobernador civil de Pontevedra.

Plano da Feira de 1950.





-Vicepresidente de honra: don Daniel de la Sota, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra.

-Presidente do comité: don José Novo Núñez, alcalde de Pontecesures.

-Vogais: Víctor García García-Lozano, Ramón Diéguez Carles, Eugenio Escuredo Lastra, José Sierra Martínez, Salvador Sierra Trasande, Luciano García García-Lozano, Bernardo Cordero Martínez, Casto Plasencia, Daniel Roa, Francisco García Lozano, Jesus Cabeza Sierra, José Moltó, José Varela, Herminio López Pérez, Baldomero Carles Romero, Luis Diéguez Carles, Manuel Fajardo Silva, Ramón Piñeiro Eiriz.

O Comité Organizador puxo anuncios en diferentes medios de prensa ao fin de atraer a aquelas persoas que estivesen interesadas en vender ou mercar vehículos usados no futuro certame.

Nun primeiro momento a feira ía ter unha única data de celebración que era o día 28 de xuño, pero sobre a marcha e debido ás peticións das casas comerciais decidiuse alongar o evento ata o 29 de xuño, festividade de San Pedro.

E por fin, chegado o gran día, o domingo 28 de xuño de 1925, o gobernador civil de Pontevedra inaugura no peirao de Pontecesures a Feira do Automóbil de



Ocasión. O recinto feiral ocupaba unha superficie de 15.000 metros cadrados e montouse un stand cuberto de 115 metros de longo, dividido en compartimentos de 5 metros de fronte.

Os dous días que durou o evento, Renfe fletou trens especiais desde Coruña e Vigo con destino á feira de Cesures. Ademais,


pequenas empresas de autobuses organizaron desde diferentes puntos da xeografía galega excursións a dito evento. O certame foi visitado por máis de 10.000 persoas, que puideron contemplar algo que xamáis tiveran visto os seus ollos: unha impresionante concentración de vehículos que sumaban a cantidade de 598, dos cales 348 eran de ocasión, 70



eran novos e 180 non estaban inscritos na feira; ademais de todo isto había unha gran cantidade de motocicletas e bicicletas.

As casas comerciais presentes nesta primeira edición chegaron ás 49, das cales 15 representaban casas fabricantes de automóbiles e o resto pertencían a empresas relacionadas co sector do automóbil ou adicadas á industria e o comercio en xeral. O valor aproximado de todos os artigos alí expostos era duns 5 millóns de pesetas da época e o volume de vendas cifrouse en 418.000 pesetas.

O xenial escritor e pintor rianxeiro Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, moi relacionado con Pontecesuques e con grandes amizades no Comité Organizador, recibiu a encomenda do xornal no cal era columnista de que visitase a feira do automóbil para escribir un comentario sobre esta. Conta despois en diferentes artigos que escribiu na época que ao principio tomou a encomenda como algo festivo, esperando atopar unha feira parecida a unha festa ou romaría, pero tamén conta logo o seu asombro e sorpresa do que alí atopou, nada máis lonxe do que el esperaba: iso era un acontecemento extraordinario cunha organización impecable e cun futuro comercial e industrial tremendo. Castelao díxese conta de que o que se expoñía alí, nun futuro moi cercano cambiaría a vida



das persoas. Despois da grata impresión que lle causou a Feira do Automóbil, pintou diversas viñetas sobre dito acontecemento, sempre tratando de comparar a venda dun automóbil co trato que se fai na venda dun animal, de aí xorden as súas viñetas “O feirante que espera”, “O que tanto medo metía cando corría”, “Mirándolle os dentes”, etc.











Ao ano seguinte, en 1926, repítese a experiencia pero aínda máis ao grande, logo faríanse dúas feiras mais no ano 1950 e 1954.

Gustaríame que esta historia servise de homenaxe a persoas como Don José Piñeiro Ares, Don Raimundo García Domínguez “Borobó” e Don Daniel Seijas Llerena, xa que a través dos seus libros e investigacións sobre as feiras do automóbil de ocasión, xente coma min tivemos a oportunidade de ter acceso a todos estes datos e desfrutar da historia dun acontecemento que, de non ser por eles, acabaría se perdendo na memoria das persoas.





A CAMBEIRA
CAMINO PORTUGUÉS

CAFETERÍA
RESTAURANTE

Se o xubiúeu queres gañar na "A Cambeira" tes que parar

Tfnos. 981 810 250 - 627 580 723
Pousa n.º 34 Baixo - 15917 IPIA
PADRÓN (A Coruña)



Xamonería
A Cambeira

- Viño Ribeiro e Barrantes de colleita
- Cocido de encargo
- Venta de queixo artesán
- Xamóns

Rúa Estación, 32 • ☎ 981 811 146 - 627 580 723 • PADRÓN

PAJARERÍA
AVES ORNAMENTALES
PECES TROPICALES
ACCESORIOS Y ALIMENTACION
AGROQUIMICOS
ARTICULOS EQUITACION
PIENSOS Y CEREALES



TEODORO

Web: www.pajareriateodoro.com
E-mail: info@pajareriateodoro.com

PAJARERÍA: Tfno. 981 81 16 58
Ctra: Estación Fax 981 81 00 58
PADRÓN Móvil 659 58 15 65




Os Monaguillos
BAR - RESTAURANTE

Osidro Benrán

MENÚ DEL DÍA • ESPECIALIDAD EN PULPO-CALLOS-CARNES GALLEGAS

Rúa Estación, 32 - PADRÓN

Tfno. 981 810 852 - Móvil 685 103 628

www.osmonaguillos.com
osmonaguillos@gmail.com



C/. Tetuán n.º 6 • PADRON



Taberna A Esquina
Padrón

R/ Ferreiros (Edificio Ramos) PADRÓN

☎ 691 41 69 53

ALBERGUE
flavia
parrillada



Campo da Feira, 13
Tfno. 981 810 455
15900 PADRÓN



FONTAN S.L.

CONSTRUCCIONES Y REFORMAS

C/ IRIA FLAVIA, 67 - TEL. 981 81 12 85
15917 PADRÓN (A Coruña)

PASTELERÍA - PANADERÍA



PIZZA

Fondo de vila, 6 (Galerías) - Padrón
981 07 60 33 · 658 92 19 84

Realiza tus encargos

COMERCIAL
Moncho

CONSTRUIMOS TU HOGAR

www.comercialmoncho.com info@comercialmoncho.com 986 557 237

Materiales de construcción
Almacén de hierro
Electrodomésticos
Ferretería
Bazar
Mueble de cocina, baño y dormitorio



JESSICA FABEIRO
ESTÉTICA PERSONALIZADA & BIENESTAR

690 254 207
Avda. Compostela, 47
Local nº 4
15900 Padrón

G^mm M. GUNDÍN MUEBLES



Avda. de Pontecesures, 14
15900 PADRÓN (A Coruña)
Telf./Fax: 981 81 02 07
Móvil: 670 236 303
www.gundinmuebles.com
info@gundinmuebles.com

GASÓLEO CALEFACCIÓN S.L.



LOS TILOS

VENTA GASOLEOS A, B, y C TRAV. MONTOUTO, 12 - 15886 TEO

TLFS: **981819083 - 981819099**
MÓVIL: **639892988 - FAX: 981509226**

gasoleocalefaccion@gmail.com

Talleres CAJARAVILLE

SERVICIO RÁPIDO
MECÁNICA - CHAPA - PINTURA
DIAGNOSIS - NEUMÁTICOS
VEHÍCULOS DE OCASIÓN GARANTIZADOS



EURO REPAR
CAR SERVICE

Ctra. Padrón-Santiago Km. 81
IRIA FLAVIA - PADRÓN
Tfnos. 981 811 214 - 620 808 965
E-mail: tallerescajaraville@gmail.com

DISPONEMOS DE VEHÍCULOS DE SUSTITUCIÓN





EUROTAXI VALGA

SERVICIO 24 HORAS

taxiservicios24h@gmail.com

www.taxivalga.com



646 513 260



TAXI PONTECESURES

Traslado y recogida en aeropuerto
Transporte de equipaje para peregrinos
Taxi adaptado para minusválidos
Circuitos turísticos
Convenios con particulares y empresas



665 41 00 05



taxiservicios24h@gmail.com



RESTAURANTE - HOTEL

C/Enlace Parque, 7 • 1590 PADRÓN

Tel. 981 81 04 13 - Tel./Fax: 981 81 14 54 - Wifi

E-mail: chefrivera@chefrivera.com • Web: chefrivera.com

Ahora en, Padrón y Comarca
Lavandería autoservicio

...y los Peregrinos del Camino Portugués ya tienen su colada resuelta

Haga la
colada de la semana
desde 3 €
en 30 minutos

Nuestras lavadoras incluyen:
Detergente, Suavizante y
Oxígeno activo (desinfectante)

IMAXES HISTÓRICAS DE PADRÓN

Fotografías recopiladas por Ángel Rey Castro




Antigo Casino



Perspectiva dos antigos meandros do río Sar, no "Trozo"



Antiga fábrica de lámpadas



Ponte de ferro de Cesures



Familia padronesa (Foto: Aragundi - Ano 1955)



Nenos no Grupo Escolar de Padrón (Ano 1944)



Procesión Cantón da Igrexa



Procesión no Santiaguño do Monte



Procesión no Santiaguño do Monte



Vista aérea de Herbón



Vista aérea de Padrón

TELÉFONOS DE INTERESE

CONCELLO DE PADRÓN 981 810 451 | 981 810 400

SERVIZO MUNICIPAL DE RECADACIÓN 981 810 451 | 981 810 400

SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS 981 812 100

PROTECCIÓN CIVIL 981 812 929

POLICÍA LOCAL 981 810 247

GARDA CIVIL 981 810 091

BIBLIOTECA MUNICIPAL 981 810 761

CENTRO DE SAÚDE DE PADRÓN 981 810 920

CIM DE PADRÓN 981 817 025

GARDARÍA INFANTIL 981 812 082

OFICINA DE INFORMACIÓN XUVENIL 981 811 329

OFICINA MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO 981 817 025

SERVIZO GALEGO DE COLOCACIÓN 981 810 044

OFICINA DE TURISMO 627 210 777

ALBERGUE DE PEREGRINOS 666 202 863

CEIP FLAVIA 981 810 194

CEIP ROSALÍA DE CASTRO 981 811 157

IES CAMILO JOSÉ CELA 981 810 752

IES MACÍAS O NAMORADO 981 817 008

PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DO SOUTO 981 811 329

PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DO GRUPO ESCOLAR 981 811 329

XULGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCCIÓN 981 810 560

ESTACIÓN DE AUTOBUSES 981 811 176

CORREOS E TELÉGRAFOS 981 811 071



PASCUA DE PADRÓN

DO 4 AO 26 DE ABRIL



FEIRA CABALAR

DOMINGO 21 DE ABRIL



- 9.00 H | INSCRICIONS NOS CONCURSOS MORFOLÓXICOS
- 9.30 H | CONCURSO MORFOLÓXICO DE CRUZADOS
POLDROS ATA 3 ANOS / POLDRAS ATA 3 ANOS
EGUAS DE 4 ANOS EN ADIANTE / SEMENTAIS DE 4 ANOS EN ADIANTE
- 11.00 H | CONCURSO MORFOLÓXICO PRE (PURA RAZA ESPAÑOLA)
POLDROS ATA 3 ANOS / POLDRAS ATA 3 ANOS
EGUAS DE 4 ANOS EN ADIANTE / SEMENTAIS DE 4 ANOS EN ADIANTE
- 12:15 H | PROBA PUNTUABLE PARA A COPA GALICIA PRG (PURA RAZA GALEGA)
CABALOS DE 3 ANOS EN ADIANTE / EGUAS DE 3 ANOS EN ADIANTE
- 13:00 H | NOVO ESPECTÁCULO DE SANTI SERRA, "TALL ESPECTACLE"
- 13:45 H | PARADA PARA XANTAR
- 15.15 H | INSCRICIÓN NO CONCURSO MORFOLÓXICO PRA (PURA RAZA ÁRABE)
- 15.30 H | CONCURSO MORFOLÓXICO PRA (PURA RAZA ÁRABE)
POLDROS ATA 3 ANOS / POLDRAS ATA 3 ANOS
EGUAS DE 4 ANOS EN ADIANTE / SEMENTAIS DE 4 ANOS EN ADIANTE
- 16.30 H | EXHIBICIÓN DE DOMA DE ALTA ESCOLA,
XIMNASIA ACROBÁTICA E MONTA ANTIGA
- 17.00 H | CONCURSO DE ENGANCHE
(PROBA PUNTUABLE PARA O CAMPIONATO GALEGO DE ENGANCHE)

PREMIOS POR SECCIÓN |

En tódalas probas
Entrega dos premios en metálico ao remate de cada concurso

- 175 €
- 100 €
- 75 €

PASCUA DE PADRÓN



20 DE ABRIL | SÁBADO DE PASCUA

Charanga O Santiaguño
ORQUESTRA PASSARELA
GRUPO UNIÓN Y FUERZA
ORQUESTRA LA FÓRMULA

21 DE ABRIL | DOMINGO DE PASCUA

Banda de Música Municipal de Padrón
Grupo folclórico A.C. San Pedro de Carcacia
Paco Nogueiras, co programa "Radio Bulebule"
ORQUESTRA D' MODA
ORQUESTRA PARIS DE NOIA

22 DE ABRIL | LUNS DE PASCUA

Grupo folclórico Rosalia de Castro
Banda de Música Municipal de Padrón
Banda de Música Municipal de Santiago
Pakolas
Grupo folclórico Algueirada de Pontecesures
ORQUESTRA TANGO
ORQUESTRA OLYMPUS

23 DE ABRIL | MARTES DE PASCUA

Grupo folclórico A.C. San Pedro do Carcacia
Banda de Música Municipal de Padrón
Banda de Música Municipal de Rianxo
ORQUESTRA MARBELLA

26 DE ABRIL | VENRES DE PASCUVILA

LOS TRES SOLES DEL PARAGUAY
"Hands"; espectáculo musical, audiovisual e pirotécnico

27 DE ABRIL | SÁBADO DE PASCUVILA

Grupo folclórico Rosalia de Castro
Grupo folclórico A.C. San Pedro de Carcacia
LA FRONTERA
ORQUESTRA CHARLESTON
LA GUARDIA

28 DE ABRIL | DOMINGO DE PASCUVILA

Grupo folclórico O Pedron
Grupo folclórico Arreixeira
Banda de Música Municipal de Padrón
XI Festival de Bandas "Capital do Sar"
ORQUESTRA GRAN PARADA
ORQUESTRA ATENAS



PASCUA DE PADRÓN



NOITE DE ROCK

27 DE ABRIL

dos 80



LA FRONTERA
21.30 H
PASEO DO ESPOLÓN



LA GUARDIA
00.15 H
PASEO DO ESPOLÓN

ORQUESTRA CHARLESTON
23.00 E 2.00 H
PRAZA DE FONDO DE VILA

GRAN EXHIBICIÓN PIROTÉCNICA
A CARGO DE "PIROTECNIA LÓPEZ"
00.00 H

PASCUA DE PADRÓN



ACTIVIDADES DEPORTIVAS

30 DE MARZO

I Trofeo de Judo Infantil Pascua de Padrón

6 DE ABRIL

XII Andaina Bisbarra do Sar

13 DE ABRIL

XXXII Raid Cabalar Pascua 2019

19 DE ABRIL

Gran Velada de Boxeo

20 DE ABRIL

XL Gran Carreira Popular

27 DE ABRIL

57ª Edición Clásica de Pascua

Final Intercomarcal de Fútbol Sala (Deporte Escolar)

Campionato Galego de Xadrez

VIII Torneo de Fútbol Base Galipark

VII Campionato de Chave Joyería Riveiro

Torneo de Tenis Pascua 2019



PASCUA DE PADRÓN 2019



HANDS

26 DE ABRIL 23.30 H
*espectáculo
audiovisual (Dj's)
e pirotécnico*

COA COLABORACIÓN DE
Lucía Pérez

PASCUA DE PADRÓN 2019

TERAMOS A ESCOLA EN PAR

Salidas do Bus Lila as 2.00 e as 4.00 horas desde Fondo de Vila (a carón da biblioteca) e percorridos por Padrón, Róis e Dodro (Bus Lila 1) e Rianxo, Boiro e A Pobra (Bus Lila 2). Servizo gratuito, con paradas a petición dos usuarios (prazas limitadas).



**Concello
de Padrón**



O CONCELLO DE PADRÓN DESÉXALLES
UNHAS BOAS FESTAS DA PASCUA



Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP) en Carcaía para abastecemento de auga aos concellos da Ría de Arousa:

Padrón	Catoira	A Pobra do Caramiñal
Dodro	Rianxo	Ribeira
Valga	Boiro	

Servizo Municipal de Augas de Padrón
Avda. Compostela, 31 Baixo
15900 PADRÓN

- 🕒 Horario Oficina: 9.00 a 13.00 h (luns a venres)
- ☎ Teléfono: 981 81 21 00
- 📠 Fax: 981 93 62 16
- ☎ Urgencias: 626 98 69 16 (servizo 24 horas)
- ✉ padron@espinydelfin.com
- 🌐 Páxina web: www.espinaydelfin.com

FINANCIERA MADERERA, S. A.



FACTORIA DE PADRON

